

I.E.S. OTERO PEDRAYO
OURENSE

CURSO ACADÉMICO 2021/ 22



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Education is the most powerful weapon which you can use to change the world.

Nelson Mandela

Índice

1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	7
1.1.	O I.E.S. OTERO PEDRAYO	7
1.2.	SINAIS DE IDENTIDADE DO INSTITUTO	8
1.3.	DEPARTAMENTO DE INGLÉS	8
1.4.	MECANISMOS DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	11
3.	ENFOQUE SEGUNDO OS DIVERSOS ESTILOS DE APRENDIZAXE	12
4.	ASIGNATURAS BILINGÜES	12
5.	ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	12
6.	CAMBIO DE MODALIDADE	13
7.	PUNTUACIÓN	13
8.	ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO	19
9.	INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE	20
10.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	21
10.1.	PROXECTO LECTOR.....	21
10.1.1.	Proxecto lector mediante o emprego das TIC'S.....	21
11.	METODOLOXÍA DIDÁCTICA PARA A E.S.O.....	21
11.1.1.	Procedementos e instrumentos de avaliación	22
11.1.2.	Materiais e recursos didácticos	24
11.1.3.	Medidas de atención á diversidade	25
11.1.4.	Seguimento da materia pendente	26
11.1.5.	Procedemento para a avaliación inicial.....	27
11.1.6.	Procedemento de avaliación extraordinaria	27
11.1.7.	Procedemento de avaliación continua.....	28
12.	ESCENARIO SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL	28
13.	1º E.SO PRIMEIRA LINGUA	29
13.1.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	29
13.2.	AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS E DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS/AS DE 1º DA ESO, APRENDIZAXE COLABORATIVA E O MARCO COMÚN EUROPEO	29
13.3.	COMPETENCIAS BÁSICAS	30
13.3.1.	Competencia en comunicación lingüística	32
13.3.2.	Contribución da materia á adquisición das competencias básicas	34
13.4.	OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA	35
13.5.	CONTIDOS	40
13.6.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES	44
13.7.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	44
13.8.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	51
13.9.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN	52
14.	1º E.S.O SEGUNDA LINGUA	52
14.1.	COMPETENCIAS BÁSICAS	53
14.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	53
14.3.	CONTIDOS	53
14.3.1.	Contidos mínimos esixibles.....	57
14.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES	57
14.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	57
15.	2º ESO PRIMEIRA LINGUA	64
15.1.	COMPETENCIAS BÁSICAS	64

15.1.1.	Estratexias metodolóxicas para traballar por competencias na aula	66
15.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	67
15.3.	CONTIDOS	68
15.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.	71
15.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	71
15.6.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN	78
16.	2º E.S.O SEGUNDA LINGUA	79
16.1.	COMPETENCIAS BÁSICAS	79
16.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	79
16.3.	CONTIDOS	80
16.3.1.	Contidos mínimos esixibles	81
16.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.	81
16.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	81
17.	3º E.S.O	87
17.1.	COMPETENCIAS BÁSICAS	87
17.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	88
17.3.	CONTIDOS	89
17.3.1.	Contidos mínimos esixibles	94
17.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.	94
17.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	94
17.6.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN	101
18.	4º E.S.O	102
18.1.	COMPETENCIAS BÁSICAS	102
18.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	106
18.3.	CONTIDOS	111
18.3.1.	Contidos mínimos esixibles	113
18.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.	113
18.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	113
18.6.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN	122
19.	METODOLOXÍA DIDÁCTICA PARA BACHARELATO	123
20.	MODALIDADE: NOCTUNO.	125
21.	1º BACHARELATO PRIMEIRA LINGUA	126
21.1.	COMPETENCIAS	126
21.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	126
21.3.	CONTIDOS	130
21.3.1.	Contidos mínimos esixibles	132
21.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.	132
21.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	132
21.6.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS	142
21.7.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN	142
22.	1º BACHARELATO SEGUNDA LINGUA	144
22.1.	COMPETENCIAS	144
22.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	144
22.3.	CONTIDOS	145
22.3.1.	Contidos mínimos esixibles	147
22.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.	147

22.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	147
22.6.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS	157
22.6.1.	Proxecto lector.....	158
23.	2º BACHARELATO PRIMEIRA LINGUA	158
23.1.	COMPETENCIAS	158
23.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	162
23.3.	CONTIDOS	163
23.3.1.	Contidos mínimos esixibles.....	164
23.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.	165
23.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	165
23.6.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS	173
23.7.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN	173
24.	2º BACHARELATO MODALIDADE NOCTURNO	175
24.1.	COMPETENCIAS	175
24.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	175
24.3.	CONTIDOS	176
24.3.1.	Contidos mínimos esixibles.....	177
24.4.	TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS	177
24.5.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	177
24.6.	ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA OU MÓDULO PENDENTE	185
24.7.	TEMAS TRANSVERSAIS.....	185
24.8.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS	185
24.9.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	186
24.10.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN	186
25.	2º BACHARELATO SEGUNDA LINGUA	187
25.1.	COMPETENCIAS	187
25.2.	OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO	187
25.3.	CONTIDOS	188
25.3.1.	Contidos mínimos esixibles.....	189
25.4.	METODOLOXÍA DIDÁCTICA	189
25.5.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	189
25.6.	TEMAS TRANSVERSAIS.....	189
25.7.	ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA OU MÓDULO PENDENTE	189
25.8.	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	190
25.9.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS	198
25.10.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	198
26.	E.S.A NOCTURNO	198
26.1.	OBXECTIVOS XERAIS	199
26.2.	METODOLOXÍA.....	200
26.3.	AVALIACIÓN	200
27.	ESA 3.....	200
27.1.	CONTIDOS	200
27.2.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	202
27.3.	TEMAS TRANSVERSAIS.....	202

27.4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN	203
27.5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	203
28. ESA 4	210
28.1. CONTIDOS	210
28.1.1. CONTIDOS PROCEDIMENTALES	211
28.1.2. CONTIDOS ACTITUDINALES	212
28.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	212
28.3. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN	212
28.4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	213

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. O I.E.S. OTERO PEDRAYO

Foi o primeiro instituto, e único durante 119 anos, ata o curso 1966-67 na provincia de Ourense. Trátase dun dos centros de ensino público máis antigos da provincia e un dos centros educativos con máis tradición e historia de Galicia.

O instituto sitúase en pleno centro histórico da cidade de Ourense, ao lado do Xardín do Posío; adaptándose aos novos tempos segue sendo un referente educativo na cidade. Proba diso é implantación do proxecto *Avalar* nas aulas de 1º e 2º da ESO, a existencia de proxectores en todas as aulas, o seu fondo bibliográfico e a ampliación das súas instalacións para dar unha mellor acollida aos alumnos.

O alumnado da ESO provén xeralmente de centros públicos que estaban próximos aos seus domicilios e tamén algún privado. Os pais dos alumnos son na súa maioría obreiros cualificados e traballadores autónomos, mentres que algo máis da metade das nais son amas de casa. Só unha porcentaxe moi reducida dos pais posúe estudos superiores.

Nos últimos anos están chegando as nosas aulas nenos procedentes de países hispano falantes, Colombia, Arxentina etc. e tamén algúns de Romanía ou África.

Esta diversidade fai que no centro se traballe na tolerancia e no respecto cos compañeiros. É beneficioso que os nenos coñezan outras culturas preto deles.

O profesorado do centro é de mediana idade e conta cunha grande experiencia docente. O número de profesores ronda os 80 . Hoxe en día contamos con moita xente nova en expectativa de destino ou con licencias de tipo humanitario etc. A gran maioría do profesorado ten unha opinión favorable á colaboración entre os departamentos e que as actividades escolares formen parte do horario lectivo e que se recollan dentro das actividades do centro.

Traballamos pensando na formación integral dos alumnos como persoas, non exclusivamente alumnos. Os reforzos e os desdobrementos son claro exemplo de que nos preocupa a persoa, as inxedanzas e todo o relativo a persoa como tal. Queremos que os nosos alumnos se sintan a gusto e aprendan a vivir en sociedade. As materias de estudo son instrumentos para facer posible o desenrolo dos nenos que chegan ás nosas aulas en busca da mellor preparación para o seu futuro.

A literatura e as novas tecnoloxías forman parte de ese pasado legado por escritores de renome como Otero Pedrayo e as materias de ciencias , matemáticas ou tecnoloxía ensinadas en inglés. As letras e os números conforman unha variedade de asignaturas optativas que os alumnos escollen para enfrontarse a un futuro cheo de multitude de oportunidades.

As tres linguas conviven no noso centro sen ningún tipo de enfrontamento. As distintas materias ensínanse nas tres linguas indistintamente. A riqueza lingüística e preocupación de todos os que formamos parte do Centro.

O nivel dos alumnos na nosa materia de lingua estranxeira está entre un nivel medio baixo, xa que debido ó nivel económico das familias estes alumnos non poden saír a perfeccionar a lingua con tanta facilidade como os alumnos doutros centros que posúen maior nivel adquisitivo. A pesar da problemática económica, hai moitos rapaces que asisten a clases particulares ou academias para mellorar os resultados académicos. Nestes últimos anos notamos unha falta de interese e de estudo debido a múltiples problemas de diferentes razóns , non sómente económicos. As familias desestructuradas e o abandono dos fillos por parte de moitos pais fan que o estudo resulte

complicado e ás veces case imposible. Hai algúns nenos que teñen que facer tarefas domésticas, descoidando os deberes académicos. Aínda así, a maioría son xóvenes alegres e entusiastas que logran terminar a E.S.O. e tamén moitos o Bacharelato.

1.2. SINAIS DE IDENTIDADE DO INSTITUTO

- O centro maniféstase aconfesional, respectando as crenzas relixiosas de profesores e alumnos.
- O centro declárase democrático e pluralista, pretendendo favorecer a convivencia e educar no respecto.
- O centro fomentará unha educación para a igualdade, sen discriminación por razón de sexo, relixión, raza, nacionalidade ou outras circunstancias.
- O centro será sensible a calquera situación de discriminación e opresión en problemas tan actuais como o sexismo ou a xenofobia.
- O centro considera o diálogo e a tolerancia como o medio para solucionar os conflitos dunha forma pacífica, rexeitando así o uso da violencia favorecendo os comportamentos solidarios entre a comunidade educativa.
- O centro terá en conta o seu ámbito socio-económico, cultural, natural,... e educará no compromiso do seu coidado e mellora.
- O centro defenderá a liberdade de cátedra, entendo por isto, o dereito dos profesores a expoñer, sen adoutrinar, a súa visión da materia, e o seu deber de respectar as diferentes opinións que existan na aula.
- O mellor exemplo de que o centro leva a cabo e cumpre estes sinais de identidade son os alumnos de nacionalidades distintas que conviven no centro sen ningún tipo de problema, o que dá un exemplo claro da multiculturalidade e diversidade do instituto.

1.3. DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O departamento de inglés está formado por seis profesores/as que traballan conxuntamente coa finalidade de acadar os mesmos obxectivos na difícil tarefa da ensinanza dunha lingua estranxeira. No seguinte cadro amósase o rol desenvolto por cada un deles no presente curso e as asignaturas impartidas:

Xefa de departamento

BELÉN PÉREZ YÁÑEZ

Asignaturas / Módulos

Inglés

Membros do departamento

MARGARITA ALFONSO RODRÍGUEZ

Asignaturas / Módulos

Inglés

JOSE CARLOS BARRERA ZAMORA

Inglés (NOCTURNO)

JUAN AGUADO VÁZQUEZ	Inglés
JUAN DE DIOS LIRIA MARRERO	Inglés
REBECA PUGA PEREIRA	Inglés
MARÍA DEL CARMEN REY DÍAZ	Inglés e 5 horas de Lingua Castelá

Todos estamos de acordo en que o profesor de inglés ou de outra lingua debe intentar achegar a realidade física ó mundo da aula. Quere dicir que hoxe en día temos multitude de oportunidades de facer o que fai 20 anos era imposible. Agora os nosos nenos poden estar informados do que sucede lonxe deles grazas a internet e demais tecnoloxías. O inglés foi e aínda segue sendo unha materia difícil de ensinar e aprender. As razóns son moitas e as solucións poucas. Os profesores do noso Departamento levamos media vida dedicándonos a intentar ensinar cos métodos que van xurdindo cada día e ata agora non atopamos a solución perfecta. Aínda así creemos que as linguas deben ser ante todo prácticas e moito máis orais ca escritas. Estamos a favor dun cambio na forma de ensinalas, pero atopámonos cos problemas de sempre: falta de espazo, número de alumnos etc. Sinalaremos os puntos básicos nos que baseamos a noso traballo:

- Uso da lingua inglesa na clase por parte dos profesores o maior tempo posible. Xa sabemos que as explicacións teñen que ser as veces na lingua materna cando a dificultade o requira.
- Participación activa dos alumnos mediante conversas sinxelas que irán avanzando a medida que cambien os cursos. A lingua oral ten que ter máis relevancia na clase e nas notas finais .
- Traballo en equipo por parte do profesorado, que intentará aceptar e compartir as ideas dos compañeiros e adaptalas ás clases sempre que o considere oportuno e beneficioso para os seus alumnos. Compartir experiencias e interesante e enriquecedor.
- Interesarse por aquelas actividades fora do centro que supoñan un compoñente de información e práctica da lingua inglesa.
- Valorar e cuestionar durante todo o curso a nosa práctica docente e consensuar as tomas de decisións referidas á programación, libros de texto etc.
- Traballar sempre buscando a motivación para a vida futura dos nosos alumnos nun ambiente de cooperación entre todos , rexeitando toda forma de indisciplina, acoso ou intolerancia.
- Buscar as mellores e máis novidasas formas de ensinar sen esquecer algúns métodos anteriores que inda dan bos resultados e que se resumen nun comportamento correcto, atención na clase, interese e traballo diario.
- O uso das novas tecnoloxías dun xeito razoable e creativo, nunca como pasatempo. O proxecto avalar axudaranos para inculcar nos alumnos o interese pola lingua buscando proxectos e actividades que sirvan eficazmente na adquisición da lingua estranxeira . O computador deberá ser vixiado atentamente polo profesor, senón convértese nun pasatempo ou xogo.

DOCUMENTO QUE OS NOVOS PROFESORES RECIBIRÁN NA PRIMEIRA REUNIÓN DO DEPARTAMENTO

O departamento de inglés do noso instituto está formado por seis ou sete profesores, dependendo das necesidades de cada curso académico. O xefe ou xefa coordina a todos eles , elaborando a

programación co seu consentimento e participando nas decisións importantes relativas a contidos, obxectivos, procedementos, metodoloxía etc. no comezo de curso.

O principal obxectivo será **a motivación para a aprendizaxe da primeira lingua estranxeira** dun xeito motivador e serio, sen caer sómente na simplificación e no aspecto lúdico.

Os profesores deben motivar buscando a finalidade didáctica. Xa que temos que seguir as pautas da programación, procuraremos combinar a ensinanza académica e outra máis natural e dinámica. Todos debemos seguir métodos parecidos, sen notarse unha diferenza notable na forma de impartir a asignatura.

O noso obxectivo será achegar a lingua inglesa como asignatura dende varias perspectivas, **reforzando a práctica oral, escrita e falada** en tódolos cursos.

Todos levaremos a cabo estas destrezas no día a día cando expliquemos a materia e elaborem materiais e exames.

Calificaremos os nosos alumnos seguindo os criterios especificados na programación e procuraremos que non haxa moitas diferencias na forma de calificar.

A lingua que utilizaremos na clase será principalmente o inglés, aínda que primarase máis no bacharelato. As explicacións de gramática ou contidos complicados poderán ser en castelán ou galego. As preguntas dos exames estarán redactadas en inglés, excepto as das adaptacións curriculares, que poderán ser nas outras linguas.

Número de grupos neste curso escolar:

En 1º ESO teremos catro grupos, tres deles desdobrarán, co que farán sete grupos.

En 2º ESO teremos catro grupos. Dende fai dous anos temos unha hora máis á semana, por votación do claustro, ao considerar que sen desdobres os alumnos amosaban bastante dificultade en seguir a asignatura.

En 3º ESO teremos tres grupos, e en 4º ESO, outros tres.

Nas *materias bilingües*, temos bioloxía en 1, 3º e 4º ESO. Nestes casos os profesores das materias en cuestión explican a asignatura en inglés e tamén nas outras linguas oficiais cando os conceptos son complicados. Os apuntes e os libros de texto son en inglés. Haberá unha hora de coordinación co asistente de linguas estranxeiras para comentar as dúbidas que poidan xurdir e co profesor coordinador destas materias.

No *bacharelato* comezamos outra etapa na que os alumnos veñen de outros centros e se mesturan cos nosos, formando grupos moi dispares de nivel. Neste ano as clases irán na quenda vespertina.

Temos que indicarlles que teñen que buscar outra forma de estudo con máis profundidade e atención, esquecendo as rutinas da ESO. Reforzaremos a constancia e a atención na clase como parte esencial para acabar con éxito esta nova etapa.

Os exames serán máis complicados en canto a estruturas gramaticais, vocabulario, contidos etc. Os profesores facilitaremos a metodoloxía necesaria para avanzar con éxito, seguindo regras de estudo axeitadas e adaptadas a esta nova etapa.

En 1º teremos seis grupos, de entre 17 e 27 alumnos por aula. Recomendamos encomeza-lo curso facendo un repaso xeral da gramática vista na ESO para nivelar os coñecementos adquiridos.

En 2º de Bacharelato temos cinco grupos de entre 19 e 30 alumnos por aula.

Ademais de inglés como primeira lingua, ofértase inglés de segunda lingua, optativa en primeiro de ESO e bacharelato. Nestes casos a didáctica é máis práctica, sendo a linguaxe oral e a escoita de conversacións da vida cotiá máis importantes que a gramática.

A figura do asistente de linguas estranxeiras ten moita importancia, case diríamos que se considera básica no noso instituto, xa que os nenos séntense moi motivados e lles gustan as clases con persoas dinámicas e creativas, nativas ou nativos ingleses ou americanos. O gran número de alumnos fai que

sexa moi complicado que todos teñan a oportunidade de comunicarse en inglés con eles ou elas, pero si poden escoitalos, o que tamén se considera moi necesario para a adquisición da lingua de forma natural e non tan artificial como sucede nunha clase. O profesor estará sempre axudando a persoa nativa e actuando de guía na aula, para que os asistentes se sintan apoiados e conten coa presenza do compañeiro co que se traballa en equipo en aula.

A reunión do departamento será unha vez ó mes, ou mais cando fora necesario. Nela debateranse cuestións relativas a programación, exames, problemas de disciplina, coordinación entre os profesores para seguir a mesma metodoloxía, etc.

No que se refire ás actividades do departamento, asistimos tódolos anos a obras de teatro ofertadas polo concello da cidade ou de compañías privadas. As obras son interesantes e dan a oportunidade de que os alumnos saian do seu entorno e visiten un teatro onde a asignatura vese de forma máis práctica e motivadora.

Algúns anos participamos no concurso Big Challenge, que se celebra o mesmo día en distintos países europeos e que ten como finalidade comprobar coñecementos xerais da asignatura e tamén culturais dos países de fala inglesa.

No réxime nocturno, temos os grupos de ESA e bacharelato, con pouco alumnado, o que beneficia a aqueles que traballan ou que non puideron aprobar no réxime diúrno. O nivel é algo máis baixo, aínda que a programación segue a ser a mesma, sendo o profesor o que faga as modificacións axeitadas.

O curso de ESA tres equivale a terceiro de ESO, sendo algo máis asumible nos contidos.

O bacharelato ten algunhas modificacións, que se farán cando o profesor o considere oportuno, pero os contidos serán os mesmos.

Os alumnos que teñen a asignatura pendente son avaliados en Xaneiro e Maio facendo dous exames eliminatorios de coñecementos xerais da asignatura. Cada proba será eliminatoria, non tendo que facer a segunda se se aproba a primeira. Deste xeito os alumnos xa teñen máis tempo para dedicarse ao segundo curso sen preocupación.

Como punto final deste pequeno resumo de benvinda, diremos que os profesores debemos traballar en conxunto para que o alumnado sinta que hai unha coordinación entre todos e teña claro o que lle imos a exixir no curso. Debemos procurar non desfavorecer a ninguén por ningunha razón, de raza ou sexo, prestando especial atención a que ninguén se sinta discriminado ou acosado. Promoveremos a tolerancia, nunca a indisciplina, traballando nun clima cordial que axude ao alumnado a interesarse pola asignatura e a esforzarse por acadar un rendemento que lle axude no futuro a ter unha boa preparación. Non permitiremos actitudes irrespectuosas cara os compañeiros nin co profesor e asemade o profesor amosará co seu exemplo unha forma de traballo coherente e de axuda, cumprindo o seu horario, ofrecendo os seus coñecementos en beneficio de todo o seu alumnado.

1.4. MECANISMOS DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

No mes de Setembro os profesores reuniranse para decidir se se necesita modificar algún punto da programación e tomarán as medidas necesarias en conxunto. Cada membro do departamento poderá presentar as suxestións que crea importantes e entre todos chegar a acordos para a mellor posta en práctica de todo o que se acordou na programación, mais a programación ha de entenderse como un documento vivo que sempre estará disposto a modificacións para a súa mellor adaptación ás necesidades e demandas do alumnado, por e para quen está deseñada.

Revisaranse as probas orais e escritas cada certo tempo e poderán variarse os niveles de dificultade se se estima necesario, sempre co consenso de todos.

Cada membro do departamento debería revisar a programación antes de que esta sexa mandada a inspección e presentar cambios se o considera pertinente.

2. ENFOQUE SEGUNDO OS DIVERSOS ESTILOS DE APRENDIZAXE

Ao longo dos últimos anos leváronse a cabo toda clase de análises sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfronta ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas incluíronse táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática punto por punto, e tamén unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

3. ASIGNATURAS BILINGÜES

Este ano temos como asignatura bilingüe Bioloxía en 1º, 3º e 4º. Os resultados foron satisfactorios e os alumnos escolleron de novo esta materia en inglés.

Os contidos e estándares de aprendizaxe serán os mesmos que na primeira lingua, aínda que o esforzo será maior por parte do profesor e dos alumnos, xa que teñen que amosar un coñecemento superior no manexo da lingua inglesa.

O noso obxectivo principal será familiarizar ós alumnos bilingües con explicacións de textos e conceptos gramaticais en inglés, buscando principalmente unha comunicación oral nas dúas linguas, facendo fincapé maiormente na inglesa.

Os procedementos da avaliación serán os mesmos que na primeira lingua, marcando algunhas diferenzas referentes á pronuncia e uso do inglés, que será maior nestas clases bilingües.

A asistente de linguas estranxeiras axudará á profesora nas horas abdicadas no seu horario e tamén pode axudar na clase cando sexa necesario. No caso de matemáticas sucede o mesmo e o profesor contará coa axuda da asistente cando o considere necesario, na aula ou fora da aula.

4. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a

prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexualde desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes. elementos curriculares e promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

5. CAMBIO DE MODALIDADE. PRIMEIRA E SEGUNDA LINGUA

Os alumnos/as que desexen cambiar de primeira á segunda lingua inglés por francés (e viceversa) deberán realizar un proba escrita que terá lugar durante o curso académico e será previamente anunciada polos profesores dos correspondentes departamentos implicados.

6. PUNTUACIÓN

A cualificación da nota en cada avaliación estará formada por os seguintes porcentaxes en exames e tarefas:

1º E.S.O (Primeira e segunda lingua)

Exames e tarefas	Ponderación sobre a nota final
Exames	70%
Traballo realizado na clase, deberes e actitude cara á asignatura, profesor e compañeiros	20%
Libro de lectura	10%*

2º E.S.O (Primeira e segunda lingua)

Exames e tarefas	Ponderación sobre a nota final
Exames	70%
Traballo realizado na clase, deberes e actitude cara á asignatura, profesor e compañeiros	20%
Libro de lectura	10%*

3º E.S.O e E.S.A 3

Exames e tarefas	Ponderación sobre a nota final
Exames	80%
Traballo realizado na clase, deberes e actitude cara á asignatura, profesor e compañeiros	10%
Libro de lectura	10%

4º E.S.O e E.S.A 4

Exames e tarefas	Ponderación sobre a nota final
Exames	80%
Traballo realizado na clase, deberes e actitude cara á asignatura, profesor e compañeiros	10%
Libro de lectura	10%*

**O libro de lectura poderá facerse só nunha avaliación, se fose así o seu peso engadirase á parte de exames no resto de avaliacións.*

1º Bacharelato (Primeira e segunda lingua, modalidade diúrno e nocturno)

Exames e tarefas	Ponderación sobre a nota final
Exame de texto	60%*
Contidos lingüísticos	30%
<i>Libro de lectura*</i>	10%*
<i>Actitude cara a materia</i>	10%

**O libro de lectura terá un peso do 10% da nota final. Este exame pode facerse só, ou estar incluído no exame de texto.*

2º Bacharelato (Primeira e segunda lingua, modalidade diúrno e nocturno)

Exames e tarefas	Ponderación sobre a nota final
Exame de texto	55%
Exame de gramática	35%
Actitude cara a materia	10%

**Non haberá un libro de lectura específico para o segundo curso de bacharelato. Leranse artigos e textos elixidos polos docentes. Non terán unha ponderación específica na nota final, se non que serán parte da actividade diario do desenvolvemento da asignatura.*

Sendo a nota final do curso calculada como a media ponderada das tres avaliacións segundo se indica no seguinte cadro:

Avaliación	Ponderación sobre a nota final
Primeira	20%
Segunda	30%
Terceira	50%

É dicir que a nota final dun alumno calcularase do seguinte xeito:

Avaliación	Nota obtida	Ponderación sobre a nota final	Cálculo da nota final *
Primeira	A	20%	$Ax(0.2) + Bx(0.3) + Cx(0.5)$
Segunda	B	30%	
Terceira	C	50%	

*O alumnado que suspenda unha avaliación recuperaráa aprobando a seguinte e o curso quedará aprobado se se aproba a terceira. Neste caso a nota final será a da terceira avaliación ó tratarse da nota máis alta da avaliación contínua, tal e como se acordou nas xuntanzas de departamento.

* Teremos dous casos posibles co alumnado que aproba durante todo o curso: a nota da terceira avaliación tendo en conta a avaliación contínua será a nota final; se esta fose inferior que outra(s) obtida(s) no curso pasarase a utilizar a ponderación anteriormente exposta (20%+30%+50%).



Destacando que:

- Os alumnos con discapacidade auditiva estarán **exentos** de realizaren as probas de escoita incluídas nos exames. O profesor preparará unha **proba especial para eses alumnos**, sen que

teñan que escoitar algo no ordenador. A proba será escrita e contará con exercicios nos que o alumno amosará un coñecemento elemental de diferenza entre palabras. O profesor pode facer unha proba na que pronuncie con claridade para deste xeito axudar ó alumno a entender con máis claridade.

- A proba de Setembro será unha proba de coñecementos básicos acadados no curso . As preguntas do exame serán elaboradas en conxunto por os profesores que impartiron docencia nese curso e non poderán incluír contidos que outros profesores non explicaran na clase. A nota en Setembro pode ser calquera nota dende 1 ata 10.
- Os estándares que se avaliarán serán os mínimos para mais tarde incrementalos segundo o establecido pola programación.
- Identificar e interpretar, apoiándose en claves lingüísticas e non lingüísticas, os implícitos culturais que poidan aparecer nos textos e utilízaos para unha mellor comprensión do contido dos mesmos recurso para comprender mellor as producións alleas.
- Comprender a información xeral e a específica, a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais sobre temas concretos e coñecidos, e de mensaxes sinxelas emitidas con claridade por medios audiovisuais. A través deste criterio apreciarase a capacidade para seguir instrucións, comprender avisos, diálogos ou exposicións breves e cara a cara que traten de temas coñecidos como lecer e tempo libre, preferencias, experiencias persoais, organización da clase, e aqueles nos que identifiquen a intención do falante. Así mesmo, preténdese medir a capacidade para comprender tanto a idea xeral coma informacións específicas de textos orais procedentes dos medios de comunicación con pronuncia estándar.
- Participar en conversacións e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversos fins comunicativos, utilizando as convencións propias da conversación e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción. Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en conversacións utilizando as estratexias adecuadas para comprender e facerse comprender, co fin de expresar gustos, necesidades, sentimentos, dar e solicitar información, expresar opinións e relatar experiencias. As conversacións daranse en relación directa cos interlocutores habituais na aula ou con persoas nativas conscientes de falar con estudantes estranxeiros. Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións que non dificulten a comunicación.
- Usar as tecnoloxías da información e da comunicación de forma progresivamente autónoma para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico, e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso. Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais da aula, e para establecer relacións persoais tanto orais coma escritas. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se o alumnado valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por utilizala.
- Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, sinalar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e mostrar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios. A través deste criterio apreciarase se o alumnado é quen de identificar, en textos orais ou escritos, algúns trazos significativos e característicos da cultura xeral dos países onde se fala a lingua estranxeira, se pode describilos de forma clara e sinxela e se mostra respecto polos valores e comportamentos doutros pobos, superando deste xeito algúns estereotipos.

- Tanto na avaliación continua nos diferentes cursos como nas avaliacións finais nas diferentes etapas educativas, para poder avaliar as competencias é necesario elixir estratexias e instrumentos para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas e actitudes.
- Han de establecerse as relacións dos estándares de aprendizaxe avaliáveis coas competencias ás que contribúen, para lograr a avaliación dos niveis de desempeño competencial alcanzados polo alumnado.
- A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos e actitudes para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade ás aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.
- Os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro, tales como Rúbricas ou escalas de avaliación. Estes indicadores de logro deben incluír rangos dirixidos á avaliación de desempeños, que teñan en conta o principio de atención á diversidade.
- O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados e incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.
- As avaliacións externas de fin de etapa terán en conta, tanto no seu deseño como na súa avaliación os estándares de aprendizaxe avaliáveis do currículo.

E máis especificamente para a 2ª lingua:

- Na asignatura de inglés 2ª lingua, tendo en conta a diferenza de horas, o profesor adaptará os contidos e criterios ao tempo do que dispón.
- Extraer a información global e a específica de mensaxes orais emitidos en situación de comunicación cara a cara sobre temas familiares para o alumno ou relacionados con aspectos cotiáns da cultura e a sociedade dos países onde fálese inglés.
- Extraer a idea principal e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos por medios de reprodución mecánica sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
- Participar en conversacións breves utilizando as estratexias axeitadas para iniciar, manter e facer progresar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e a intención de comunicación.
- Extraer a información global e específica de textos escritos auténticos, sinxelos e de extensión limitada, de diferente tipo (descritivos, narrativos, argumentativos, explicativos), distinguindo entre feitos e opinións e identificando, se é o caso, os principais argumentos expostos polo autor.
- Ler de maneira autónoma, utilizando correctamente o dicionario, libros para mozos ou relacionados cos xuros propios e demostrar a comprensión mediante a realización dunha maneira específica.
- Redactar textos sinxelos atendendo a diferentes intencións comunicativas, respectando as convencións da comunicación escrita e empregando os elementos que aseguran a cohesión e coherencia do texto de xeito que este sexa facilmente comprensible para o lector.

- Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como Perseverar nos intentos de comprender e facerse comprender en situacións comunicativas cara a cara, utilizando todas as estratexias de comunicación e os recursos expresivos dispoñibles para superar as posibles dificultades de comprensión mutua.

Para os alumnos coa materia pendente:

- No caso dos alumnos pendentes, haberá dous exames ao longo do curso e terán unha dificultade similar a do exame de setembro ou incluso menor. No caso de ter a materia pendente, e estar cursando a súa correspondente nun curso superior, se esta última se aproba, a pendente quedará aprobada.

Para bacharelato, segundo o Real Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia :

- Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada, diferenciando feitos e opinións e identificando no seu caso, a intención comunicativa do autor. A través deste criterio avalíase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos, argumentativos) que traten temas do currículo, aplicando as estratexias de lectura coñecidas e outras novas como a identificación do tema por medio de elementos textuais e paratextuais. Con este criterio tamén se avalía a capacidade para ler de forma autónoma libros, noticias, instrucións, explicacións, etc., de certa extensión, en diferentes soportes e con finalidades diversas: solicitar ou comunicar información para a realización dunha tarefa específica, aprender contidos doutras materias e ler por pracer ou entretemento.
- Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e de coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensíbeis ao lector. Este criterio avalía a capacidade para comunicarse por escrito, para a elaboración e revisión de borradores e para a elección do rexistro adecuado. Os textos presentarán como mínimo unha sintaxe simple e facilmente comprensíbel, léxico limitado pero adecuado ao contexto, e a ortografía e puntuación correctas. Estarán relacionados coas necesidades de comunicación máis usuais e as diferentes intencións comunicativas. En todos os escritos, avaliarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada, e a habilidade no uso dos medios informáticos para a elaboración e presentación de textos.
- Utilizar de forma consciente en contextos de comunicación variados, os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas. A través deste criterio apreciarase a capacidade para aplicar de forma cada vez máis autónoma os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posíbel a comprensión tanto das súas propias producións coma das alleas.
- Identificar, utilizar e explicar oralmente diferentes estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe. Este criterio pretende avaliar se os alumnos e alumnas utilizan as estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe, como a valoración dos seus progresos e a reflexión sobre a propia aprendizaxe; a utilización de estratexias diversas para almacenar, memorizar e revisar o

léxico; o uso cada vez máis autónomo de dicionarios, recursos bibliográficos, informáticos e dixitais; a análise e a reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece, a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe, na aula e fóra da mesma, ou o uso de mecanismos de autocorrección.

8. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO . CONTIDOS MÍNIMOS. PENDENTES

O profesor/profesora disporá no libro de texto e o de traballo de exercicios de diferentes niveis, adaptados ás necesidades dos alumnos, así como para alumnos/as coa materia ou módulo pendente. Así mesmo, terá material dispoñible no Departamento de Inglés co que traballará en clase por medio de fotocopias, repartidas aos alumnos.

Nos meses de xaneiro e maio haberá un exame global no que se poderá recuperar o curso suspenso.
Contidos mínimos por curso:

1º ESO

- Artigos determinados e indeterminados.
- Números ata o 100
- As horas
- Pronomes persoais
- Verbos to be e to have en presente e pasado
- Preposicións: in, on, at, with, of, from, under, between, next to
- Adxectivos básicos: good, bad, beautiful, young, old, long, short
- Demostrativos
- Oracións afirmativas, negativas e interrogativas co verbo to be e co auxiliar do en presente e pasado
- Vocabulario básico relacionado con temas da vida cotiá, a familia, o tempo, lugares, medios de transporte.

2º ESO

- Todo o estudado en primeiro
- Tempos verbais en presente simple e continuo
- Pasado simple: verbos regulares e irregulares
- O futuro simple
- Oracións condicionais do primeiro tipo
- Verbos modais: must, can, should, may, could
- Vocabulario : ademais do de primeiro , vocabulario de comidas, tarefas domésticas, países, nacionalidades, profesións, etc.

3º ESO

- Todo o estudado nos dous cursos anteriores
- Nomes contables e incontables
- Comparativos e superlativos
- O presente perfecto e o pasado simple
- Pasado simple e continuo
- Presente continuo, going to

- A voz pasiva en presente e pasado

BACHARELATO

- Repaso de verbos e tempos vistos na ESO
- O futuro simple , continuo e perfecto
- Presente perfecto e pasado perfecto
- Oracións condicionais dos tres tipos
- Oracións pasivas nos tempos simples e perfectos
- Estilo directo e indirecto
- Conectores
- Vocabulario relacionado con diferentes temas de uso habitual e coñecido por los alumnos
- Traducións directas e inversas
- Composicións e resumos de textos

9. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

E tremendamente difícil avaliar os logros da práctica docente de cada profesor pero especificaremos algúns deles que nos parecen significativo:

- O profesor deberá esforzarse por acadar uns resultados positivos na avaliación dos alumnos intentando non superar o 60% de suspensos. Se isto sucedera deberá plantexarse as causas que levaron a avaliación negativa dos seus alumnos. Deberá plantexarse unha remodelación da súa práctica docente que incluíría un cambio na metodoloxía e nos contidos e estándares que estiveron presentes ata ese momento na súa clase.
- Se o número de suspensos mellora considerablemente en un grupo concreto tamén sería aconsellable compartir os cambios que fixo cos outros profesores e axudarlles tamén a eles si está nunha situación semellante.
- Unha forma de saber si os alumnos están contentos ca práctica docente que reciben, sería preguntarlles por escrito e de forma anónima cada certo tempo en que non están de acordo e que valoran positivamente da ensinanza que reciben nese momento.
- O xefe de departamento controlará en certa medida si se compren os contidos mínimos e si se sigue a programación por medio de cuestionarios ou consultas aos seus compañeiros de departamento
- O número de suspensos o aprobados non debe ser o único avaliable, senón o traballo realizado e o esforzo amosado por cada docente na práctica diaria. Se nalgún momento xurdiran problemas entre o profesor e os alumnos o xefe de departamento intentará axudalo no que fora posible . O traballo en equipo é primordial para que se logren os obxectivos perseguidos por todos .

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Asistencia a obras de teatro en inglés e inglés e castelán fora do instituto.

- Asistencia a charlas sobre cultura anglosaxona ou americana impartidas por persoas expertas na materia de aprendizaxe de linguas.
- Concurso The Big Challenge (para alumnos da E.S.O). Os alumnos realizan unas probas tipo test con distintos tipos de preguntas de gramática e cultura. A proba se realiza no instituto, sendo a mesma para tódolos países europeos que participan.
- Cando fora posible, o profesor pode preparar obras de teatro sinxelas en inglés para escenificalas en fin de curso ou antes das vacacións do Nadal ou Semana Santa.
- Intercambios con outros institutos no Reino Unido se hai profesores dispostos a levar a cabo esta interesante actividade.

10. 1. PROXECTO LECTOR

Os contidos relacionados coa educación literaria manteñen as pautas xa iniciadas na anterior etapa, co fin de consolidar hábitos de lectura, ampliar as experiencias dos alumnos no campo da lectura e recrear textos, adaptándoos ás súas novas experiencias e á expresión dos seus sentimentos, observando sistematicamente as convencións literarias e establecendo unha relación automática entre os traballos literarios e os contextos de produción e recepción.

Haberá un libro de lectura que formará parte importante da ensinanza da asignatura. Os alumnos traballarán con el de distintos xeitos na clase e na casa. Nos exames haberá preguntas que reflectan si o alumno preparou o libro ou non. É básico inculcar o entusiasmo pola lectura comprensiva. Para ter resultados satisfactorios o profesor preparará actividades lúdicas orais e escritas. Na segunda lingua non será obrigatorio o libro de lectura dado o pouco tempo da materia. O profesor poderá levar a clase algúns textos ou páxinas dese libro ou de outros que considere adaptados ó nivel

10. 1. 1. PROXECTO LECTOR MEDIANTE O EMPREGO DAS TIC

As TIC estarán presentes no uso do ordenador co libro dixital e na rede cas múltiples tarefas que podemos atopar hoxe en día no uso das linguas estranxeiras. Pódese usar o computador para ler nel. Na rede atopámonos con lecturas adaptadas a tódolos niveis. Os alumnos poden elixir textos de diferentes libros. O importante será inculcarlles o gusto pola lectura .

11. METODOLOXÍA DIDÁCTICA PARA A E.S.O.

Nesta nova etapa intentaremos traballar en equipo o máximo posible, profesores e alumnado intercambiando experiencias e coñecementos e adaptándoos as circunstancias de cada quen. Cada profesor é diferente e polo tanto actúa de forma diferente ós seus compañeiros. Non debemos rexeitar ningún comportamento senón actuar de forma coordinada de xeito que todos nos beneficiemos dos coñecementos dos demais.

A través do proceso de aprendizaxe deséxase que o alumno vaia gañando en autonomía para poder expresarse con fluidez e corrección en inglés; que analice e valore de maneira crítica as realidades do

mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel.; que consolide unha madurez persoal, social e moral que permítalle actuar de forma responsable e que participe de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.

As actividades da clase son só parte do proceso de aprendizaxe dunha lingua. É importante tamén o traballo individual levado a cabo polos alumnos no seu propio tempo, que dá a oportunidade de consolidar e interiorizar o que aprenderon.

O profesor presentará aos alumnos un modelo daqueles exercicios que vaian realizar posteriormente. Nas actividades de "PAIR WORK" o profesor deberá moverse pola clase, escoitando e prestando axuda cando sexa necesario, e en "ROUND UP" pedirá aos alumnos que informen ao resto da clase do que realizaron.

Se a clase é moi numerosa, ou os alumnos non están acostumados a traballar en parellas, é recomendable introducir esta técnica de maneira gradual, utilizándoa, polo menos ao principio, para tarefas claramente definidas.

11.1.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

O profesor ten moitos e diferentes procedementos de avaliación. Distinguirá entre o traballo feito na casa e o desenrolado na clase. Na clase terá en conta o interese do alumno pola asignatura facendo exames, controles e exercicios de comprensión oral e escrita. A participación activa na clase debe estar reflectida na nota final. Temos que ter en conta, tamén a aqueles alumnos que son tímidos e lles custa falar, preguntar e relacionarse co profesor e os compañeiros. Nestes casos intentaremos a integración pouco a pouco e nunca debemos suspender o alumno por este comportamento, intentaremos que aprenda a participar na clase. As notas do día a día formarán parte importante da nota final, aínda que os exames terán sempre un porcentaxe maior a hora de avaliar. O proceso será integrador de tódalas tarefas.

Nesta nova etapa, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado é continua e a decisión do profesor/a de promover ao alumno/a será adoptada atendendo á consecución das competencias básicas e aos obxectivos da etapa

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e débese ter en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de maneira diferenciada a avaliación tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles.

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, adáptense ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas. O profesorado garantirá o dereito dos alumnos a una avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, para o que establecerán os oportunos procedementos. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada. Será imprescindible a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas e os traballos de clase. O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados como parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe.

Valorarase o traballo en clase e o feito na casa e a avaliación será un conxunto de tódalas probas, exames e o esforzo amosado en todas elas.

Instrumentos de avaliación: medios ou recursos para a obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas.

Existe unha estreita relación entre os procedementos e os instrumentos de avaliación, no sentido que estes últimos son os documentos ou rexistros a través dos que se concretan os procedementos de avaliación. Así:

- Para a observación sistemática pódense utilizar instrumentos de avaliación, tales como: escalas de observación, listas de control, diarios de clase, tests de auto avaliación e de grupo ...
- Para a valoración das probas orais e escritas pódense empregar: preguntas obxectivas de resposta breve ou de opción múltiple, preguntas abertas, exposición oral dun tema, resolución de exercicios ou problemas,...
- Para a avaliación dos traballos de clase pódense utilizar: caderno de clase, debates, presentacións, traballos do alumnado, gravacións en vídeo ou audio, ...

Para poder avaliar as competencias é necesario elixir, sempre que sexa posible, estratexias e instrumentos para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.

O workbook será un instrumento optativo para avaliar día a día o que o alumno vai aprendendo. Vixiarase que os alumnos non copien uns dos outros inda que poden axudarse entre eles cando o necesiten, sempre con unha intención de traballo en equipo. A participación en diálogos na clase favorecerá a perda do medo ao ridículo e consegue a auto estima e valoración dun mesmo. Favorecerase especialmente as tarefas orais en parella ou en grupo. Os exames serán orais e por escrito . Hai que promover o exercicio oral, xa que os alumnos presentan carencias no uso oral da lingua estranxeira do mesmo xeito ou similar ca lingua materna. Intentaremos que pouco a pouco os alumnos se poidan comunicar dun xeito real.

11.1.2. Materiais e recursos didácticos

Os materiais serán o libro de texto, o de traballo, o computador e internet. O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos despístanse moito e temos que volver ós métodos de sempre. Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesor como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías. Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, películas subtituladas etc. Na nosa asignatura dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo as veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos. As veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e o fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

A figura do **asistente de linguas estranxeiras**: Esta persoa será de vital axuda na nosa andaina. Participará das actividades do Instituto sempre que pensemos que lle facilitará a tarefa que nos lle encomendemos. Na ESO o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de entaboar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar en conxunto traballos referidos á cultura anglosaxoa, americana e galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país do asistente. O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Estes últimos anos, tivemos asistentes americanos da beca Fullbright e polo tanto os alumnos xa están tamén inmersos na cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa. Temos que esforzarnos para que a lingua oral teña máis importancia no currículo da nosa asignatura. Deberíamos facer máis exames e probas orais, pero a falta material de tempo faino moi complicado.

11.1.3. Medidas de atención á diversidade

O ano pasamos decidimos que as clases de reforzo non tiñan os resultados que esperábase dado que son moitos os alumnos que en **primeiro de E.S.O. chegan con un moi baixo nivel de inglés. Pensamos que é mellor o desdoblamento do grupo.** Deste xeito é moito máis uniforme o nivel. O profesor preparará , sen embargo, actividades e exercicios de reforzo para aqueles alumnos que teñan un nivel moi inferior e fará as correspondentes adaptacións cando sexa preciso.

Atenderase tamén ós alumnos con grandes capacidades ofrecéndolles tarefas que impliquen unha maior creatividade . Procuraremos que o resto nunca se sinta afastado ou relegado. Estes alumnos de maior nivel deberían de cando en vez axudar ós seus compañeiros para fomentar o traballo en equipo e a tolerancia.

Cando nos atopemos con alumnos con menos coñecementos de cursos anteriores, faremos as adaptacións correspondentes, intentando que se integren o máximo posible na aula. O profesor debe esforzarse en facer que o alumno acade os contidos mínimos da adaptación, aínda que moitas veces sexa case imposible.

Os alumnos con discapacidade auditiva estarán exentos de realizaren as probas de escoita incluídas nos exames.

11.1.4. Seguimento da materia pendente

Tal como foi explicado no correspondente punto da presente memoria dedicado aos criterios de avaliación, os alumnos ca materia pendente terán a oportunidade de realizar dúas probas de coñecementos xerais durante o curso escolar, en Xaneiro ou Febreiro e outra no mes de Maio. Se aproban un dos dous exames, recuperarán a materia. Durante o curso o profesor poderá facilitar a eses alumnos exercicios ou traballos para comprobar o seguimento, pero a cualificación será a acadada nos exames feitos nesas dúas datas. No caso de que o alumno aprobe a materia do curso que está a facer nese momento (de nivel superior), quedaralle aprobada a pendente do ano anterior.

11.1.5. Procedemento para a Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprendera as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

11.1.6. Procedemento para a Avaliación extraordinaria

A proba de avaliación extraordinaria será unha proba de coñecementos básicos acadados no curso . As preguntas do exame serán elaboradas en conxunto por os profesores que impartiron docencia nese curso e non poderán incluír contidos que outros profesores non explicaran na clase. A nota en Setembro pode ser calquera nota dende 1 ata 10.

11.1.7. Procedemento de avaliación continua

A avaliación continua será como ata agora, un medio de valorar o rendemento do alumno non exclusivamente polos exames senón pola actitude, traballo diario e esforzo realizado cada día. Valorarase a realización de tarefas esixidas polo profesor e os feitos voluntariamente polo alumno-a . Habará tamén a auto avaliación do propio alumno que servirá para que el mesmo sexa consciente da súa andadura e progreso na material. As notas obtidas de preguntas na clase tamén contarán a hora da avaliación final. O conxunto de todas estas notas será valorado polo profesor para unha correcta valoración final

Tal e como se especifica no apartado 6. PUNTUACIÓN:

O alumnado que suspenda unha avaliación recuperaráa aprobando a seguinte e o curso quedará aprobado se se aproba a terceira. Neste caso a nota final será a da terceira avaliación ó tratarse da nota máis alta da avaliación continúa, tal e como se acordou nas xuntanzas de departamento.

Teremos dous casos posibles co alumnado que aproba durante todo o curso: a nota da terceira avaliación tendo en conta a avaliación continúa será a nota final; se esta fose inferior que outra(s) obtida(s) no curso pasarase a utilizar a ponderación anteriormente exposta (20%+30%+50%)

12. ESCENARIO SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

No seo das directrices que estableza o centro ante posibles escenarios de ensino semipresencial ou presencial derivados da situación sanitaria:

- A metodoloxía estará principalmente baseada na relación alumno profesor, por medio de distintos canles de comunicación, tentando suplir a ensinanza presencial na mellor das formas posibles.
- Os aprendizaxes centraranse no repaso e reforzo dos contidos impartidos, avanzando no posible e tendo en conta a situación persoal, familiar e social do alumno, así como a posible situación de desvantaxe debido a fenda dixital.
- No contexto da avaliación continua, os procedementos de avaliación do alumnado terán en conta o realizado durante as clases presenciais, o traballo realizado no período de ensino non presencial, así como o interese por realizar as tarefas no prazo programado.
- Os instrumentos de avaliación permitirán determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, en función dos posibles escenarios de ensino presencial e non presencial.
- Neste escenario os materiais e os recursos serán: o libro de texto, o caderno de exercicios, os materiais entregados presencialmente ó alumno, os arquivos colgados ou de acceso dende a aula virtual do centro, vídeos, audios, videoconferencias e comunicación a través do correo electrónico, da páxina web, dos titores e titoras e, incluso, a través da dirección do centro.
- Calquera axuste ou adaptación non precisado na programación será comunicado polo profesor ó seu alumnado respectivo empregando as canles habituais que veña utilizando nese estado excepcional: aula virtual, páxina web do centro, videoconferencias, correo electrónico.

13. 1º E.S.O PRIMEIRA LINGUA

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS PRIMEIRA LINGUA
CURSO E GRUPO	1º A,B,C,D
PROFESOR/A	Margarita Alfonso Rodríguez, Juan de Dios Liria Marrero, Rebeca Puga Pereira, María del Carmen Rey Díaz e Belén Pérez Yáñez
LIBRO DE TEXTO	PULSE STUDENT'S BOOK 1 Ed. Macmillan. Outubro 2014
LIBRO DE LECTURA OBLIGATORIA	"The Nutcracker". Ed. Vicens Vives.

13.1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e actividades da biblioteca escolar. SIGLAS DAS DISTINTAS COMPETENCIAS

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

13.2. AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS E DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS/AS DE 1º DA ESO, APRENDIZAXE COLABORATIVA E O MARCO COMÚN EUROPEO

Aprender unha nova lingua é, seguramente, un dos retos máis difíciles aos que se enfrontan os estudantes ao longo da súa vida académica, sobre todo porque supón mergullarse de forma activa nunha cultura e nunha visión da vida moi diferentes da súa. A medida que aprenden un idioma, desenvolven unha serie de competencias básicas da aprendizaxe. Ademais de adquirir a Competencia en comunicación lingüística, os alumnos deberán adquirir as seguintes competencias:

- A Competencia cultural e artística e a Competencia no coñecemento e na interacción co

mundo físico, a través dos textos e os temas elixidos.

- O tratamento da información e competencia dixital mediante as actividades de Internet e os materiais dixitais.
- A Competencia social e cidadá a partir das interaccións e as dinámicas da clase, que desenvolven a aprendizaxe colaborativa.
- O obxectivo primordial de 1º E.S.O é facilitar o proceso de aprendizaxe para que os alumnos/as coñezan os lugares nos que se fala inglés e a forma en que o utiliza a xuventude nativa da súa mesma idade.

Durante o proceso de adquisición da lingua inglesa é habitual que os alumnos/as mostren claras preferencias por determinadas áreas da aprendizaxe. Por exemplo, quizais lles interese máis aprender o inglés que falan os adolescentes hoxe en día que as regras gramaticais. Ou tamén, poida que teñan máis facilidade para unhas destrezas de aprendizaxe que para outras.

Dada a diversidade de tipos de estudante, é de vital importancia que o profesorado coñeza canto antes as preferencias e os puntos fortes e débiles de cada quen.

Nesta nova etapa, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado é continua e a decisión do profesor/a de promover ao alumno/a será adoptada atendendo á consecución das competencias básicas e aos obxectivos da etapa

13.3. COMPETENCIAS BÁSICAS

Son aquelas competencias que debe desenvolver un alumno ou unha alumna ao finalizar o ensino obrigatorio, para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais.
- Permitir a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes.
- Orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible.

Non existe unha relación única entre o ensino de determinadas áreas ou materias e o desenvolvemento de certas competencias. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea identificáronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática

- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
- Tratamento da información e competencia dixital
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía e iniciativa persoal

Tanto os obxectivos coma a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación, serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición.

13.3.1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita- esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poderse comunicar nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En síntese, o desenvolvemento da competencia lingüística ao final da educación obrigatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

2. Competencia matemática

Esta competencia supón aplicar as destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoio adecuadas e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacións da vida de distinto nivel de complexidade.

3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Esta competencia supón o desenvolvemento e a aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal nun mundo no que os avances que se van producindo nos ámbitos científico e tecnolóxico teñen unha influencia decisiva na vida persoal, na sociedade e no mundo natural. Así mesmo, implica a diferenciación e a valoración do coñecemento científico, ademais doutras formas de coñecemento, e a utilización de valores e criterios éticos asociados á ciencia e ao desenvolvemento tecnolóxico.

En coherencia coas habilidades e destrezas relacionadas ata aquí, son parte desta competencia básica o uso responsábel dos recursos naturais, o coidado do ambiente, o consumo racional e responsábel e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

4. Tratamento da información e competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Esta competencia implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas

tecnolóxicas. Tamén implica ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e das súas fontes nos distintos soportes.

5. Competencia social e cidadá

Esta competencia supón comprender a realidade social en que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e nas prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsábel ante o cumprimento dos dereitos e das obrigacións cívicas.

6. Competencia cultural e artística

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

O conxunto de destrezas que configuran esta competencia refírese tanto á habilidade para apreciar e gozar coa arte e outras manifestacións culturais coma a aquelas relacionadas co emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais e artísticas, a aplicación de habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborativo, unha actitude aberta, respectuosa e crítica ante a diversidade de expresións artísticas e culturais, o desexo e a vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora, e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

7. Competencia para aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico, coma a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual que se realizan a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

8. Autonomía e iniciativa persoal

Esta competencia supón ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

13.3.2. Contribución da materia á adquisición das competencias básicas

A materia de lingua estranxeira inglés contribuirá na adquisición das citadas competencias básicas nas seguintes formas:

- A competencia en comunicación lingüística ten como obxectivo enriquecer e buscar novos matices comprensivos e expresivos nesta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade de se expresar oralmente e por escrito.
- Tratamento da información e competencia dixital ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicámonos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios coa xuventude doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.
- A competencia social e cidadá ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas. A través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as alleas, poténciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese a aprendizaxe dos demais e cos demais.
- A competencia cultural e artística ao incluír un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países onde se fala e propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia cando se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e cando se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como poden ser a realización e a representación de simulacións e narracións.
- A competencia para aprender a aprender ao facilitar recursos ou completar a capacidade do alumnado para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rendabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a mesma. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de

forma progresiva para a toma de decisións que favorecen a autonomía, co fin de utilizar e de seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

- Autonomía e iniciativa persoal ao fomentar o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e de habilidades sociais de colaboración e de negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten a realización de iniciativas e a toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

13.4. OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

Os dez Obxectivos Xerais de Área concréntanse nas capacidades que se detallan debaixo:

1º - escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

Capacidades:

- Negociar co profesor/a e cos compañeiros/as a organización da clase e das actividades (instrucións, obxectivos, criterios de avaliación, regras), respectando todos os puntos de vista.
- Comprender a información global e algúns datos relevantes de mensaxes orais gravadas e de material semiauténtico, e facer tarefas significativas graduadas ao seu nivel.
- Comprender a información global e a específica de mensaxes orais emitidas directamente polo profesor/a e polos compañeiros/as, relativas a situacións habituais de comunicación, tales como instrucións para a realización de actividades na aula e aos temas que inclúe este nivel.
- Estructurar ou poñer en orde a información emitida na mensaxe oral.
- Identificar significados apoiándose en claves non lingüísticas (o ton de voz, as ilustracións, os coñecementos previos sobre o tema, o contexto, etc.)

2º- Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación, de forma comprensíbel, adecuada e con certo nivel de autonomía.

Capacidades:

- Interaccionar significativamente de modo bastante controlado cos compañeiros/as e co profesor/a para saudar, presentarse, falar da aula, describir persoas, casas ou cuartos, falar sobre actividades, describir fotos, falar sobre habilidades e deportes, comparar animais, describir un feito pasado, falar sobre persoas importantes, facer plans para as vacacións, etc., e sobre os demais temas incluídos neste nivel.
- Practicar patróns fonolóxicos para mellorar a pronunciación (dos sons correspondentes ás letras do abecedario, das terminacións verbais en -ing, das formas contraídas e dalgunhas formas débiles), o ritmo e a entoación.
- Identificar estratexias lingüísticas e non lingüísticas (expresarse e demostrar comprensión por medio de actos non verbais, pedir que repitan, pedir aclaracións, etc.) para evitar que se

interrompa a comunicación.

- Identificar a funcionalidade da mensaxe oral (saudar, presentarse, facer descrições ou comparacións, planear actividades, etc.).
- Verificar afirmacións sobre a mensaxe oral e o seu contido.
- Organizar a mensaxe oral de xeito coherente, a través das tarefas e da reflexión (a orde suxeito-verbo, as conxuncións e os conectores de secuencia, etc.).
- Producir mensaxes orais en relación directa co profesor/a e cos compañeiros/as, expresando a intencionalidade comunicativa que requira a situación, referentes ao funcionamento da clase, saúdos e presentacións, intercambio de información persoal, gustos e preferencias, descrições de persoas, cousas e lugares, expresión de hábitos, peticións, ordes, instrucións, suxestións, indicacións, actividades de tempo libre, o pasado, plans futuros, etc.
- Utilizar o vocabulario (referente ao corpo, a familia, a personalidade, a casa, actividades, rutinas, roupa, accidentes xeográficos, deportes, animais, comida, traballos, lugares da cidade, etc.) e as estruturas adecuadas á intención comunicativa das mensaxes orais (os pronomes suxeito e os adxectivos posesivos, to be en presente e pasado, have got, o xenitivo saxón, o *Present Simple*, os adverbios de frecuencia, o *Present Continuous*, can, must, os adverbios de modo, o *Past Simple*, be going to, etc.).
- Participar en actividades de grupo e en parellas, respectando os compañeiros/as e colaborando con todos os integrantes da clase.

3º- Ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado, co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

Capacidades:

- Comprender a información global e a específica de mensaxes escritas en inglés relativas a situacións habituais de comunicación: unha páxina web, unha crítica dun libro, un artigo de revista, un folleto de viaxes, un artigo, textos breves sobre distintos temas, etc.
- Inferir polo contexto, o apoio visual e os coñecementos culturais, o significado das palabras que aparecen en textos sobre temas e situacións de comunicación familiares.
- Asociar información con imaxes e/ou personaxes.
- Desenvolver estratexias adecuadas de lectura extensiva e intensiva.
- Identificar palabras e informacións relevantes a través da reflexión, para utilizar o dicionario de forma correcta e non abusiva.
- Predicir información e significados a partir do contexto, o apoio visual, os títulos e os coñecementos culturais previos que se teñan sobre o tema para facilitar a comprensión lectora.
- Recorrer a fontes de información: dicionarios, glosarios, enciclopedias, explicacións gramaticais, Internet.
- Identificar a funcionalidade e a intencionalidade do texto escrito.
- Identificar información específica facendo unha lectura selectiva (scanning).
- Identificar a idea principal do texto sen necesidade de lelo completo.
- Identificar o tema dun texto coa axuda das ilustracións que o acompañan.
- Relacionar o tema da lectura con outras disciplinas, coas experiencias persoais e coa propia

cultura.

- Obter información específica da lectura seguindo unha tarefa determinada.
- Mostrar unha actitude positiva e de curiosidade cara á lectura.
- Reflexionar de xeito crítico sobre o tema da lectura.

4º- Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e de coherencia.

Capacidades:

- Identificar a funcionalidade da mensaxe escrita (describir, informar, opinar, etc.).
- Organizar a mensaxe escrita de xeito coherente, a través das tarefas e da reflexión (a orde das palabras na oración, os signos de puntuación, as preposicións de tempo, o uso das maiúsculas, as conxuncións e os conectores de secuencia, etc.).
- Utilizar o vocabulario (referente ao corpo, a familia, a personalidade, a casa, actividades, rutinas, roupa, accidentes xeográficos, deportes, animais, comida, traballos, lugares da cidade, etc.) e as estruturas adecuadas á intención comunicativa das mensaxes orais (os pronomes suxeito e os adxectivos posesivos, to be en presente e pasado, have got, o xenitivo saxón, o *Present Simple*, os adverbios de frecuencia, o *Present Continuous*, can, must, os adverbios de modo, o *Past Simple*, be going to, etc.).

5º- Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

Capacidades:

- Identificar estratexias comunicativas lingüísticas e non lingüísticas (uso do apoio visual e dos coñecementos culturais para expresar e inferir significados, repetición de patróns sintácticos e fonolóxicos, etc.) para evitar que se interrompa a comunicación, reflexionando a través das diversas tarefas e contrastando coa súa lingua propia.
- Practicar patróns fonolóxicos para mellorar a pronunciación e a entoación.
- Recoñecer os esquemas de entoación correspondentes ás distintas funcións comunicativas e intentar utilizar os específicos das situacións de comunicación incluídas no apartado de contidos correspondentes a este nivel.

6º- Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

Capacidades:

- Planificar o tempo dedicado á materia fóra da clase.
- Avaliar se o tempo dedicado foi suficiente e frutífero.

- Organizar o seu propio caderno da materia incluíndo partes ben diferenciadas de: tarefas, vocabulario, autoavaliación, etc.
- Identificar os contrastes entre a L1 e a L2 (en aspectos como as regras de puntuación, o uso das maiúsculas, a orde das palabras na oración, os tempos verbais e demais puntos gramaticais pertencentes a este nivel) e reflexionar sobre eles para convertelos en estratexias de aprendizaxe autónoma.

7º- Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

Capacidades:

- Organizar o vocabulario construíndo redes léxicas e mapas semánticos ou utilizando estratexias propias, sempre que sexan produtivas para a aprendizaxe: clasificacións léxicas, sintácticas e fonolóxicas; percepcións subxectivas; palabras que habitualmente van xuntas (adxectivos e nomes, preposicións e nomes, etc.).
- Desenvolver as seguintes estratexias de aprendizaxe autónoma:
 - *Utilizar os coñecementos previos.*
 - *Utilizar o apoio visual para mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.*
 - *Utilizar o contexto para inferir significados e intencións comunicativas.*
 - *Utilizar correctamente o dicionario.*
 - *Seguir o proceso adecuado na realización da audición.*
 - *Atención selectiva para obter información específica dun texto oral ou escrito.*
 - *Recorrer ás fontes de información adecuadas: dicionarios, enciclopedias, explicacións gramaticais, glosarios, Internet, etc.*
 - *Crear asociacións funcionais.*
 - *Transferir conceptos de comprensión oral a expresión oral e viceversa.*
 - *Deducir e inducir regras.*
 - *Repetición de sons, palabras e oracións.*
 - *Repetición significativa de discursos contextualizados preestabelecidos.*
 - *Transferir conceptos de comprensión escrita a expresión escrita e viceversa.*
 - *Transferir os contidos estudados ás producións propias.*
 - *Utilizar e organizar os recursos e materiais didácticos para mellorar a produción propia (caderno, resumos, agrupacións léxicas, exames, etc.).*
 - *Utilizar a autocorrección.*
 - *Utilizar a autoavaliación para recoñecer a fase de aprendizaxe do momento e planificar as necesidades de mellora.*
 - *Interrelacionar os coñecementos propios doutras áreas nas prácticas de aprendizaxe do idioma.*

8º- Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

Capacidades:

- Recoñecer estruturas e tipos de texto para poder transferilos ás producións propias (estructuras gramaticais e funcionais, descrições, correos electrónicos, conversacións telefónicas, etc.).
- Identificar as categorías gramaticais e os seus trazos lingüísticos para facilitar a comprensión dos textos: o pronome (suxeito e obxecto, persoal e posesivo) e os adxectivos posesivos; o verbo (to be, have got, o *Present Simple*, o *Present Continuous*, o *Past Simple*, be going to e o *Present Continuous* con valor de futuro); o xenitivo saxón; There is / There are e a, an, some, any e the; There was / There were; os verbos modais (can, must); o adverbio (frecuencia, modo e intensidade); o adxectivo (comparación); a preposición (tempo); a conxunción (copulativa, disxuntiva e causal) e os conectores de secuencia.
- Aplicar técnicas para inferir significados e tempos verbais adecuados a través do contexto, do apoio visual e dos coñecementos culturais.
- Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

9º- Manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

Capacidades:

- Reflexionar sobre a capacidade persoal de relacionarse con persoas de distintos países, grazas ao inglés.
- Identificar estilos de vida de diferentes países e valorar a súa riqueza cultural.
- Mostrar unha actitude de respecto pola cultura anglosaxoa.
- Identificar as normas de cortesía propias da comunicación en inglés.
- Valorar e respectar culturas e formas de vida diferentes á propia, favorecendo a tolerancia e a convivencia.
- Recoñecer a influencia dunhas linguas sobre outras: herdanzas lingüísticas, préstamos, a linguaxe científica, etc.

10º- Manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

Capacidades:

- Reflexionar sobre a finalidade da aprendizaxe do inglés.
- Definir obxectivos persoais para a adquisición da lingua.
- Mostrar unha actitude positiva cara á aprendizaxe.

13.5. CONTIDOS

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

As habilidades lingüísticas:

Bloque 1: *Escoitar, falar e conversar.*

Bloque 2: *Ler e escribir.*

Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:

Bloque 3: *Coñecemento da lingua.*

A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:

Bloque 4: *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural.*

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

Audición e comprensión de mensaxes orais breves relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.

- Anticipación do contido xeral do que se escoita, con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Obtención de información específica en textos orais sobre información persoal, descrições do físico, rutinas, viaxes, etc.
- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación.
- Producción de textos orais curtos, con estrutura lóxica e con pronunciación adecuada.
 - Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula, e en simulacións relacionadas cos saúdos e as presentacións, información persoal, rutinas, suxestións, comparación de imaxes, plans para as vacacións, etc.
- Emprego de respostas adecuadas ás informacións requiridas polo profesor/a e polos compañeiros/as nas actividades da aula.
- Desenvolvemento de estratexias para superar as interrupcións na comunicación, facendo uso de elementos verbais e non verbais para expresarse oralmente en actividades de parella e en grupo: demanda de repetición e aclaración entre outras.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos, auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre os actores de dobraxe, a historia do baloncesto, os robots con forma de animal, heroes da vida real, etc.
- Iniciativa para ler con certa autonomía textos adecuados á idade, intereses e nivel de competencia tales como páxinas web, críticas de libros, folleto de viaxes, proxectos escolares, artigos de revista, etc.
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de

significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.

- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, ordenando os elementos dunha frase, engadindo as maiúsculas e os signos de puntuación, utilizando conxuncións e conectores de secuencia en parágrafos sinxelos, e corrixindo erros.
 - Composición de textos curtos (a descrición dunha persoa e dun cuarto, un correo electrónico para presentarse, un informe sobre un animal, unha biografía, etc.) con elementos básicos de
- cohesión, con diversas intencións comunicativas, a partir de modelos e utilizando as estratexias máis elementais no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Uso da orde correcta das palabras na oración, os signos de puntuación, as preposicións de lugar, o uso das maiúsculas, as conxuncións e os conectores de secuencia, etc., e recoñecemento da súa importancia nas comunicacións escritas.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, etc.

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: números cardinais e ordinais, material escolar, cores, días, meses, a familia, o corpo, adxectivos descritivos e de personalidade, a casa e o mobiliario, actividades e rutinas, accidentes xeográficos, roupa, deportes, animais, comida, adxectivos de opinión, éxitos, traballos, lugares da cidade, actividades de fin de semana.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Presentacións e saúdos; linguaxe da clase. Pronomes persoais; adxectivos posesivos; pronomes posesivos; this, that, these, those; preguntas con partícula interrogativa. As maiúsculas; a puntuación; a orde das palabras: suxeito e verbo. (*Getting Started*)
- Descricións de persoas e aparencia. O verbo to be, o verbo have got. O xenitivo saxón.

- Descricións da casa e dos cuartos. There is / There are; os determinantes a, an, some, any, the; How much / How many. As preposicións de tempo. - Actividades; facer preguntas. O *Present Simple*; os adverbios de frecuencia. As preposicións de tempo.
- Descricións de fotos; fórmulas e expresións para adiviñar. O *Present Continuous*; contraste entre o *Present Simple* e o *Present Continuous*. Conxuncións: and, but e because.
- Expresión de habilidades; obrigaón e posibilidade. Os verbos modais can e must; os adverbios de modo. O imperativo.
- Adiviñas; comparacións de animais e recompilación de información sobre os mesmos. Forma comparativa dos adxectivos; (not) as... as. A orde das palabras: adxectivos.
- Descrición dunha comida; narración do pasado; descrición dun acontecemento. There was / There were; o verbo to be en pasado. Os adverbios de intensidade. - Conversación sobre celebridades; actividades pasadas; intercambio de información biográfica. O *Past Simple*. Pronomes obxecto.
- Expresión de plans futuros . O futuro con be going to; o *Present Continuous* con valor de futuro. Conectores de secuencia: first, then, next e finally.

Fonética

- Pronunciación de sons de especial dificultade: /ti:n/ /ti/ en “thirteen” e “thirty”.
- Pronunciación das contraccións “There's”, “isn't” e “aren't”.
- Pronunciación da terminación dos verbos na 3ª persoa singular do presente: /s/, /z/ e /iz/.
- Pronunciación da terminación -ing dos verbos en *Present Continuous* e dos sons /b/ e /v/.
- Pronunciación da negación dos verbos modais e as súas contraccións. (Unidade 5)
- Pronunciación de sons de especial dificultade, como th en “that” /ð/, t en “tall” /t/, e d en “dog” /d/.
- Pronunciación de sons de especial dificultade, como a ch en “cheese” /tʃ/.
- Pronunciación da terminación -ed dos verbos regulares en pasado: /d/, /t/ e /id/. (Unidade 8).
- Pronunciación de sons de especial dificultade: /l/ ou /i:/ en “swim” e “ski”.
- Reflexión sobre a aprendizaxe:
 - Aplicación de estratexias básicas para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
 - Uso progresivo de recursos para a aprendizaxe, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
 - Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais adecuadas a distintas intencións comunicativas.
 - Iniciación en estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas.

- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, a través de todas as actividades de autocorrección do libro (comprobacións mediante actividades de comprensión oral) e das seccións *Check Your Progress* de cada unidade do *Workbook*, e actitude positiva para superalo.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra da mesma.
- Participación activa en tarefas e traballos de grupo.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula, e con persoas doutras culturas.
- Cada lingua leva aparellados uns patróns de comportamento culturais e lingüísticos e nós incluímos de forma implícita en cada situación de comunicación oral ou escrita. Deste xeito, os patróns que o alumnado ha de producir seguirán os modelos que foron presentados.
- Identificación de costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.
- Desenvolvemos nos alumnos/as a capacidade de recoñecer os costumes e trazos da vida cotiá presentados explícita ou implicitamente nos textos, tales como as rutinas escolares dos adolescentes, excursións co colexio, sitios preferidos para pasar as vacacións de verán, etc.
- Uso de fórmulas de cortesía adecuadas nos intercambios sociais.
- A través dos contidos socioculturais, preténdese potenciar no alumnado a capacidade de usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados en consonancia coas seguintes situacións de comunicación e funcións lingüísticas: preguntar na clase, saudar, presentarse, intercambiar información persoal, falar dos intereses, expresar gustos e preferencias, intercambiar información sobre accións habituais, expresar habilidade, obrigaón e prohibición, falar de plans para o futuro, etc.
- Coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos doutros países, obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.
- Ao realizaren estas actividades, os alumnos/as involúcranse en situacións de comunicación significativas nas que teñen que reflexionar sobre estes aspectos.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel ou medios dixitais.
- Fomentamos este interese a través de actividades guiadas orais e escritas, co fin de lograr que os alumnos/as poidan alcanzar certa autonomía para comunicarse con outras persoas en inglés, tanto dentro coma fóra da aula.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

Neste punto preténdese que desenvolvan a capacidade de mostrar aprecio polas visións culturais distintas á propia, así como mostrar respecto cara aos valores comportamentos dos que se ten

noticia a través da lectura e da audición.

- Contacto con adolescentes doutras culturas como a inglesa, os seus diferentes hábitos, os seus gustos e intereses en canto a música, deporte, preferencias para o lecer, sentimentos, etc., enriquece a visión que os nosos alumnos/as teñen do mundo que os rodea, e permítelles ampliar fronteiras comparando as súas propias experiencias coas da xuventude noutros países.

TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN. UNIDADES

Avaliación	Unidades
Primeira	STARTER UNIT, UNIT ONE, TWO AND THREE
Segunda	FOUR, FIVE AND SIX
Terceira	SEVEN, EIGHT AND NINE

OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Unha vez definidos os criterios de avaliación defínense mediante os estándares de aprendizaxe, expostos no seguinte cadro, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables medidas, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c d i	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <p>Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras chave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto:</p> <p>anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto:</p> <p>anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre</p>	<p>PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>
			<p>PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>
			<p>PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>

	<p>comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p>B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</p> <p>B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.</p>	<p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.</p> <p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.</p> <p>PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación.</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p>	<p>B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p> <p>B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que</p>	<p>PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>

<p>Execución.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor</p>	<p>aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.</p> <p>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).</p> <p>B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación</p>	<p>relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.</p>	
		<p>PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
		<p>PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
		<p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
		<p>PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

	<p>comunicativo.</p> <p>Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.</p>	<p>lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p>		
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
a c d e i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).</p> <p>B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.</p> <p>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de</p>	<p>PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios,</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

		<p>asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p> <p>B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.</p>	<p>catálogos, etc.</p> <p>PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.</p> <p>PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación.</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución.</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estructuración do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en párrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.).</p> <p>B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p> <p>B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.5. Intercambiar</p>	<p>PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>
			<p>PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

	<p>versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>	<p>correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.</p> <p>B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.</p>	<p>sociais.</p> <p>PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <p>PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a c d i o	<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos básicos.</p> <p>Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <p>B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares);</p>	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.</p> <p>B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).</p> <p>B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.</p> <p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante</p>	<p>PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e padróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.</p> <p>PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).</p> <p>PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas</p>	<p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>

<p>música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a</p>	<p>as diferenzas.</p> <p>B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.</p> <p>B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>	
		<p>PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua.</p>	CCL CAA CCEC
		<p>PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).</p>	CCL CAA CCEC
		<p>PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p>	CCL CAA CCEC
		<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	CCL CAA CCEC CD

	<p>promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
--	---	--	--	--

13.8. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En referencia ao punto da presente memoria “ELEMENTOS TRANSVERSAIS”, trataranse os temas que hoxe en día teñen máximo interese tales como o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país etc.

Aínda que non sexa posible falar de todos eles, o profesor tentará de incluílos na súa práctica docente diaria. A lectura será unha actividade a desenrolar en cada avaliación e será sobre temas motivadores e de interese para os adolescentes. O libro de lectura formará parte das actividades orais e escritas, incluídas representacións na clase ou tamén fora dela, no Paraninfo por exemplo.

13.9. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021 e trala análise da avaliación inicial na que se puideran detectar as carencias e necesidades do alumnado o profesor da materia determinará en cada caso o reforzo daqueles aprendizaxes imprescindibles para garantir una transición positiva ós aprendizaxes propios de 1º ESO.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, ó menos, durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022.

O plan de reforzo incluirá, ó menos:

- Participar en inglés en diversas situacións comunicativas.
- Comprender a información global e específica de mensaxes escritos e orais.
- Utilizar vocabulario e estratexias gramaticais axeitadas ao nivel do curso e adaptadas ou amplificadas, cando fora posible.
- Extraer información xeral por medio de diferentes canles de comunicación .
- Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos.
- Utilizar estratexias de aprendizaxe que fomenten a autonomía do alumno para saber enfrontarse á nova situación , permitíndolle acadar os coñecementos necesarios no avance da asignatura.

Priorizando a mellora nas competencias:

- Comunicación lingüística, que permita ó alumno a comunicación por escrito ou oral na lingua estranxeira.
- Competencia dixital, que permita ó alumnado a capacidade de adquirir os coñecementos sen a presenza física do profesor e facilitará o avance nos contidos a estudar
- Aprender a aprender, que lle permita avanzar na súa autonomía de aprendizaxe.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado do grupo, fomentando a colaboración e a participación do mesmo no seu proceso de aprendizaxe. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas, activas, axustadas a súas necesidades, que requiran da posta en práctica de tódalas súas competencias, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

14. 1º E.S.O SEGUNDA LINGUA

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS SEGUNDA LINGUA
CURSO E GRUPO	
PROFESOR/A (ES/AS)	
LIBRO DE TEXTO	PULSE STUDENT'S BOOK 1 Ed. Macmillan.

Data de Autorización	Outubro 2014
LIBRO DE LECTURA OBLIGATORIA	“The Nutcracker”. Ed. Vicens Vives.

Esta materia impartirase case do mesmo xeito ca primeira lingua, exceptuando o tempo adicado, que será de dúas horas a semana. Dado que unha hora menos supón unha diminución importante na adquisición da segunda lingua o profesor fará as modificacións que considere oportunas para acadar resultados satisfactorios. A linguaxe oral terá máis importancia ca escrita aínda que seguirá habendo exames escritos e orais.

14.1. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias básicas aplicables para 1º da E.S.O 2ª lingua estranxeira serán:

- Competencia oral e lingüística
- Competencia dixital
- Competencia social e cultural

14.2. OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Os obxectivos da materia inglés segunda lingua estranxeira para o nivel de 1º da E.S.O. serán:

- Acadar uns coñecementos básicos que lle permitan ó alumno desenvolverse en situacións básicas de comunicación.
- A linguaxe oral será máis traballada que a escrita.
- O rematalo curso os alumnos terán que ser capaces de ler textos curtos e contestar a preguntas de comprensión sinxelas escritas e orais.

14.3. CONTIDOS

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

As habilidades lingüísticas:

Bloque 1: *Escoitar, falar e conversar.*

Bloque 2: *Ler e escribir.*

Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:

Bloque 3: *Coñecemento da lingua.*

A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:

Bloque 4: *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural.*

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación.
- Produción de textos orais curtos, con estrutura lóxica e con pronunciación adecuada.
- Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula, e en simulacións relacionadas cos saúdos e as presentacións, información persoal, rutinas, suxestións, comparación de imaxes, plans para as vacacións, etc.
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, ordenando os elementos dunha frase, engadindo as maiúsculas e os signos de puntuación
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, ordenando os elementos dunha frase, engadindo as maiúsculas e os signos de puntuación.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos, auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre os actores de dobraxe, a historia do baloncesto, os robots con forma de animal, heroes da vida real, etc.
- Iniciativa para ler con certa autonomía textos adecuados á idade, intereses e nivel de competencia tales como páxinas web, críticas de libros, folleto de viaxes, proxectos escolares, artigos de revista, etc.
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, ordenando os elementos dunha frase, engadindo as maiúsculas e os signos de puntuación, utilizando

conxuncións e conectores de secuencia en parágrafos sinxelos, e corrigindo erros.

- Composición de textos curtos (a descrición dunha persoa e dun cuarto, un correo electrónico para presentarse, un informe sobre un animal, unha biografía, etc.) con elementos básicos de
- cohesión, con diversas intencións comunicativas, a partir de modelos e utilizando as estratexias máis elementais no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Uso da orde correcta das palabras na oración, os signos de puntuación, as preposicións de lugar, o uso das maiúsculas, as conxuncións e os conectores de secuencia, etc., e recoñecemento da súa importancia nas comunicacións escritas.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, etc.

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: números cardinais e ordinais, material escolar, cores, días, meses, a familia, o corpo, adxectivos descritivos e de personalidade, a casa e o mobiliario, actividades e rutinas, accidentes xeográficos, roupa, deportes, animais, comida, adxectivos de opinión, éxitos, traballos, lugares da cidade, actividades de fin de semana.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Presentacións e saúdos; linguaxe da clase. Pronomes persoais; adxectivos posesivos; pronomes posesivos; this, that, these, those; preguntas con partícula interrogativa. As maiúsculas; a puntuación; a orde das palabras: suxeito e verbo.
- Descricións de persoas e aparencia. O verbo to be, o verbo have got. O xenitivo saxón.
- Descricións da casa e dos cuartos. There is / There are; os determinantes a, an, some, any, the; How much / How many. As preposicións de tempo.
- Actividades; facer preguntas. O *Present Simple*; os adverbios de frecuencia. As preposicións de tempo.

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación

na aula, e con persoas doutras culturas.

- Cada lingua leva aparelados uns patróns de comportamento culturais e lingüísticos e nós incluímos de forma implícita en cada situación de comunicación oral ou escrita. Deste xeito, os patróns que o alumnado ha de producir seguirán os modelos que foron presentados.
- Identificación de costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.
- Desenvolvemos nos alumnos/as a capacidade de recoñecer os costumes e trazos da vida cotiá presentados explícita ou implícitamente nos textos, tales como as rutinas escolares dos adolescentes, excursións co colexio, sitios preferidos para pasar as vacacións de verán, etc.
- Uso de fórmulas de cortesía adecuadas nos intercambios sociais.
- A través dos contidos socioculturais, preténdese potenciar no alumnado a capacidade de usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados en consonancia coas seguintes situacións de comunicación e funcións lingüísticas: preguntar na clase, saudar, presentarse, intercambiar información persoal, falar dos intereses, expresar gustos e preferencias, intercambiar información sobre accións habituais, expresar habilidade, obrigaón e prohibición, falar de plans para o futuro, etc.
- Coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos doutros países, obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

14.3.1. Contidos mínimos esixibles

- Artigos determinado e indeterminados.
- Pronomes persoais
- Posesivos
- Demostrativos
- Números ordinais e cardinais ata o 50.
- Adxectivos básicos : big, small, ugly, tall...
- Vocabulario do colexio, da casa, familia, a cidade etc.
- Verbos to be and to have got
- Auxiliar do e did
- Preposicións básicas: in,of, with, at, for
- Frases afirmativas, negativas e interrogativas e presente co verbo “to be” e o auxiliar “do”.

14.4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN. UNIDADES

A temporalización por avaliacións será a mesma que para 1º da E.S.O 1ª lingua estranxeira inglés.

14.5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

De xeito similar á modalidade de 1ª lingua, defínense mediante os estándares de aprendizaxe, expostos no seguinte cadro, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables medidas, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c d i	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. Identificación de palabras clave. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou	B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	CCL CD CAA CCEC
			SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.	

	<p>específica).</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 2. Producción de textos orais				
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

	<p>traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</p> <p>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>	<p>habituais sobre estes datos.</p>	<p>información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiás, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece),</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
			<p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>

	<p>cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p> <p>B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>	<p>necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
			<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
			<p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
			<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>

	<p>Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>			
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
a c d i o	<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p>	<p>B5.1. Discriminar padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de padróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
	<p>B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p>	<p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p>	<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
	<p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p>	<p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p>	<p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
	<p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas;</p>	<p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo</p>	<p>SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>

	<p>condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p>	<p>propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p> <p>B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p> <p>PLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
--	---	--	---	------------------------------------

	<p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
--	--	--	--	--

Respecto ós bloques descritos anteriormente, os alumnos deberán obter unha preparación similar á que terán os alumnos da primeira lingua.

O bloque principal será o lingüístico oral e escrito, buscando sempre a participación activa na clase individual, por parellas ou en grupo.

O alumno deberá amosar unha maior competencia á hora de expresarse na segunda lingua. Será capaz de:

- Leer de forma axeitada cunha pronuncia similar a que teñen os alumnos na primeira lingua.
- Entender textos sinxelos máis longos e de maior dificultade en vocabulario e gramática que os que fixeron o ano anterior.
- Falar en conversas do día a día, preguntando a hora, direccións, o tempo etc.
- Escoitará diálogos ou textos e será capaz de entender a idea xeral.
- Utilizará a lingua inglesa dun xeito máis natural que no primeiro curso.

15. 2º ESO PRIMEIRA LINGUA

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS PRIMEIRA LINGUA
CURSO E GRUPO	2º A,B,C,D
PROFESOR/A	Juan Aguado Vázquez, Belén Pérez Yáñez
LIBRO DE TEXTO	PULSE STUDENT'S BOOK 2 Ed. Macmillan. Outubro 2015
LIBRO DE LECTURA OBLIGATORIA	"Stories for the Curious" Black Cat. M. R. James. Ed. Vicens Vives

15.1. COMPETENCIAS BÁSICAS

Como competencias básicas distingúranse:

1. *As competencias clave e os obxectivos da etapa*

- As competencias Clave deberán estar estreitamente vinculadas aos obxectivos definidos para a Educación Secundaria Obrigatoria.
- A relación das competencias Clave cos obxectivos da etapa fai necesario deseñar estratexias para favorecer a incorporación dos alumnos á vida adulta e servir de cimento para a súa aprendizaxe ao longo da súa vida.
- A adquisición eficaz das competencias Clave por parte do alumnado e a súa contribución ao logro dos obxectivos das etapas educativas, require do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

2. *As competencias clave no currículo*

- As competencias Clave deben estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, e nelas definirse, explicitarse e desenvolverse suficientemente os resultados de aprendizaxe que os alumnos e alumnas deben conseguir.
- As competencias deben cultivarse nos ámbitos da educación formal, non formal e informal ao longo de toda a vida.
- Todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

- A selección dos contidos e as metodoloxías debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo da vida académica.
- Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación se desglosan en estándares de aprendizaxe avaliáveis.
- O conxunto de Estándares de aprendizaxe avaliáveis dunha área ou materia determinada dará lugar ao seu perfil de área ou materia.
- Todas as áreas e materias deben contribuír ao desenvolvemento competencial.

15.1.1. Estratexias metodolóxicas para traballar por competencias na aula

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e retroaliméntase o proceso.

Os métodos didácticos han de elixirse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar o ensino.

- Un dos elementos Clave no ensino por competencias é despertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
- Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.
- As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.
- Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- O traballo por proxectos axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.
- Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.
- O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.
- Finalmente, é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen.

15.2. OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e castelá textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representa

15.3. CONTIDOS

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

As habilidades lingüísticas:

Bloque 1: *Escoitar, falar e conversar.*

Bloque 2: *Ler e escribir.*

Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:

Bloque 3: *Coñecemento da lingua.*

A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:

Bloque 4: *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural.*

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación.
- Producción de textos orais curtos, con estrutura lóxica e con pronunciación adecuada.
- Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula, e en simulacións relacionadas cos saúdos e as presentacións, información persoal, rutinas, suxestións, comparación de imaxes, plans para as vacacións, etc.
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, ordenando os elementos dunha frase, engadindo as maiúsculas e os signos de puntuación
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, ordenando os elementos dunha frase, engadindo as maiúsculas e os signos de puntuación

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos, auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre os actores de dobraxe, a historia do baloncesto, os robots con forma de animal, heroes da vida real, etc.
- Iniciativa para ler con certa autonomía textos adecuados á idade, intereses e nivel de competencia tales como páxinas web, críticas de libros, folleto de viaxes, proxectos escolares, artigos de revista, etc.
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, ordenando os elementos dunha frase, engadindo as maiúsculas e os signos de puntuación, utilizando conxuncións e conectores de secuencia en parágrafos sinxelos, e corrixindo erros.
- Composición de textos curtos (a descrición dunha persoa e dun cuarto, un correo electrónico para presentarse, un informe sobre un animal, unha biografía, etc.) con elementos básicos de
- cohesión, con diversas intencións comunicativas, a partir de modelos e utilizando as estratexias máis elementais no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Uso da orde correcta das palabras na oración, os signos de puntuación, as preposicións de lugar, o uso das maiúsculas, as conxuncións e os conectores de secuencia, etc., e recoñecemento da súa importancia nas comunicacións escritas.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, etc.
- En segundo o alumno identificará e será capaz de crear frases sinxelas con estes elementos. Na clase practicarás oral e por escrito textos curtos amosando a identificación dos elementos aprendidos no primeiro curso

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: números cardinais e ordinais, material escolar, cores, días, meses, a familia, o corpo, adxectivos descritivos e de personalidade, a casa e o mobiliario,

actividades e rutinas, accidentes xeográficos, roupa, deportes, animais, comida, adxectivos de opinión, éxitos, traballos, lugares da cidade, actividades de fin de semana.

O vocabulario será unha extensión ou ampliación do aprendido no primeiro curso.

- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Presentacións e saúdos; linguaxe da clase. Pronomes persoais; adxectivos posesivos; pronomes posesivos; this, that, these, those; preguntas con partícula interrogativa. As maiúsculas; a puntuación; a orde das palabras: suxeito e verbo.
- Descricións de persoas e aparencia. O verbo to be, o verbo have got. O xenitivo saxón.
- Descricións da casa e dos cuartos. There is / There are; os determinantes a, an, some, any, the; How much / How many. As preposicións de tempo.
- Actividades; facer preguntas. O *Present Simple*; os adverbios de frecuencia. As preposicións de tempo.
- O tempo pasado: verbos to be, to have
- Estrutura do pasado co auxiliar did.
- Verbos regulares e irregulares: verbos básicos: live, love, want, go, come, study, see, eat.

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula, e con persoas doutras culturas.
- Cada lingua leva aparelados uns patróns de comportamento culturais e lingüísticos e nós incluímos de forma implícita en cada situación de comunicación oral ou escrita. Deste xeito, os patróns que o alumnado ha de producir seguirán os modelos que foron presentados.
- Identificación de costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira
- Desenvolvemos nos alumnos/as a capacidade de recoñecer os costumes e trazos da vida cotiá presentados explícita ou implicitamente nos textos, tales como as rutinas escolares dos adolescentes, excursións co colexio, sitios preferidos para pasar as vacacións de verán, etc.
- Uso de fórmulas de cortesía adecuadas nos intercambios sociais.
- A través dos contidos socioculturais, preténdese potenciar no alumnado a capacidade de usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados en consonancia coas seguintes situacións de comunicación e funcións lingüísticas: preguntar na clase, saudar, presentarse, intercambiar información persoal, falar dos intereses, expresar gustos e preferencias, intercambiar información sobre accións habituais, expresar habilidade, obrigação e prohibición, falar de plans para o futuro, etc.
- Coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos doutros países, obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

15.4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.

Avaliación	Unidades
Primeira	STARTER UNIT, UNIT ONE, TWO AND THREE
Segunda	FOUR, FIVE AND SIX
Terceira	SEVEN, EIGHT AND NINE

15.5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

De seguido defínense os estándares de aprendizaxe, expostos no seguinte cadro, co que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables medidas, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c d i	B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). Identificación de palabras clave. Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave. B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.	PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo. PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.	CCD CCEC CSC
	B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.	B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público	PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se falepausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.	CCL CD CCEC CSC
	B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.		PLEB1.4. Distingue, co apoio	CCL

	<p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p>B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</p> <p>B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.</p>	<p>da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).</p> <p>PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.</p> <p>PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.</p> <p>PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p>
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a c d e i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p>	<p>B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.</p> <p>B2.2. Producir textos breves</p>	<p>PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervéñen na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CSC</p>

<p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos</p> <p>Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido. Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión. Petición de axuda ou clarificación. Paralingüísticos: Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal) Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.). Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso básico da quenda de</p>	<p>e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.</p> <p>B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p>PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.</p> <p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <p>PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e</p>	<p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p>
--	--	---	--

	palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.	información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado. B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.	reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.	
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual. B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros</p>	<p>PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

		relacionados con outras materias do currículo. B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto. B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	do seu interese. PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
a c d i	B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.). Execución: Elaboración dun borrador. Estructuración do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles. Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).	B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo. B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico. B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo. B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc. B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes	PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc. PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares. PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións. PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos	CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD

	<p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Características textuais:</p> <p>Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar.</p>	<p>soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.</p> <p>B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <p>PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
<p>2. a</p> <p>3. c</p> <p>4. d</p> <p>5. i</p> <p>6. o</p>	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos básicos.</p> <p>Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p>	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións.</p> <p>B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.</p> <p>B.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.5. Utilizar as experiencias e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a</p>	<p>PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.</p> <p>PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saídos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)</p> <p>PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>

<p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo.</p> <p>Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas.</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.</p>	<p>riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.</p> <p>B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.</p> <p>B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p> <p>PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.</p> <p>PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).</p> <p>PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p> <p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CD CAA CCEC CD</p>
---	--	--	---

	<p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais, Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</p> <p>Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
--	--	--	--	--

15.6. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021 e trala análise da avaliación inicial na que se poideran detectar as carencias e necesidades do alumnado o profesor da materia determinará en cada caso o reforzo daqueles aprendizaxes imprescindibles para garantir una transición positiva ós aprendizaxes propios de 2º ESO.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, alomenos, durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022.

O plan de reforzo incluírá, alomenos:

- Participar en inglés en diversas situacións comunicativas.
- Comprender a información global e específica de mensaxes escritos e orais.
- Utilizar vocabulario e extratexias gramaticais axeitadas ao nivel do curso e adaptadas ou amplificadas, cando fora posible.
- Extraer información xeral por medio de diferentes canles de comunicación .
- Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos.
- Utilizar extratexias de aprendizaxe que fomenten a autonomía do alumno para saber enfrontarse á nova situación , permitíndolle acadar os coñecementos necesarios no avance da asignatura.

Priorizando a millora nas competencias:

- Comunicación lingüística, que permita ó alumno a comunicación por escrito ou oral na lingua extranxeira.
- Competencia dixital, que permita ó alumnado a capacidade de adquirir os coñecementos sen a presenza física do profesor e facilitará o avance nos contidos a estudar

– Aprender a aprender, que lle permita avanzar na súa autonomía de aprendizaxe.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado do grupo, fomentando a colaboración e a participación do mesmo no seu proceso de aprendizaxe. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas, activas, axustadas a súas necesidades, que requiran da posta en práctica de tódalas súas competencias, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

16. 2º E.S.O SEGUNDA LINGUA

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS SEGUNDA LINGUA
CURSO E GRUPO	
PROFESOR/A (ES/AS)	
LIBRO DE TEXTO	PULSE STUDENT’S BOOK 2 Ed. Macmillan. Outubro 2015
LIBRO DE LECTURA OBLIGATORIA	“Stories for the Curious” Black Cat. M. R. James. Ed. Vicens Vives

16.1. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias básicas aplicables serán as mesmas que as da asignatura de Inglés primeira lingua para o segundo curso da E.S.O, expostos con anterioridades no presente documento.

16.2. OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Os obxectivos da materia inglés segunda lingua estranxeira para o nivel de 2º da E.S.O. serán os mesmos que os da primeira lingua. Tendo en conta que ao dispor de un tempo inferior debido a que trátase dunha segunda lingua farase máis fincapé en:

- Completar a aprendizaxe que se comezou no ano anterior.
- Avanzar na segunda lingua para acadar un nivel que lles permita aos alumnos poder desenvolverse nesta lingua case coma na primeira.
- Acadar un aprendizaxe que permita aos alumnos interesarse por non abandonar a segunda lingua despois do fin de curso.
- Ser conscientes de que falar máis dunha lingua axudaralles a encontrar traballo no futuro con facilidade.
- Non cometer os erros que se cometeron o ano anterior.

16.3. CONTIDOS

Do mesmo xeito que sucede cos “*OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO*”, debido a menor dispoñibilidade de tempo docente, os contidos requiridos no segundo curso da E.S.O. serán os mesmos que para a primeira lingua, sendo os máis relevantes:

- Revisión de primeiro curso
- Preposicións básicas: in, of , from, with, at
- Adxectivos: a comparación
- Fonética: pronunciación da terminación do pasado regular
- Lectura comprensible de textos sinxelos
- Artigos determinado e indeterminado
- Pronomes persoais suxeito e obxecto.
- Verbos "to be" e "to have" en presente e pasado.
- Uso de "do", "did", "don't", "Didn't".
- Verbos regulares e irregulares básicos: go, come, study, want, eat, drink, sleep, take, read etc..
- Modais: can, must, should.
- Construcción de frases nas formas afirmativa, negativa e interrogativa en presente, pasado e futuro.

16.3.1. Contidos mínimos esixibles

- Vocabulario básico explicado no primeiro curso referido a casa, familia, escola, a cidade etc.
- Verbos To Be, To Have got, adxectivos cualificativos, preposicións e adverbios básicos.
- Frases afirmativas, negativas e interrogativas co verbo To Be e To have en presente simple e pasado simple.
- Verbos regulares e irregulares explicados no primeiro curso.
- Comprensión de textos cursos.
- Composicións sinxelas de temas habituais.
- Diálogos orais e participación activa na clase con un vocabulario básico
- Artigos determinado e indeterminados.
- Pronomes persoais.
- Posesivos.
- Demostrativos.
- Números ordinais e cardinais ata o cen.
- Adxectivos básicos para cualificar persoas e cousas: big, tall, beautiful, ugly, short...
- Vocabulario para unha comunicación sinxela pero máis elaborada ca no primeiro curso.
- Diferencias entre os verbos regulares e irregulares: pronuncia da terminación- ed.
- Verbos to be and to have got.
- Auxiliar do e did.
- Preposicións básicas: in, of, with, at, for.
- Frases afirmativas, negativas e interrogativas e presente co verbo to be e o auxiliar do.

16.4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN. UNIDADES.

Avaliación	Unidades
Primeira	STARTER UNIT, UNIT ONE, TWO AND THREE
Segunda	FOUR, FIVE AND SIX
Terceira	SEVEN, EIGHT AND NINE

16.5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c d i	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;	B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	CCL CAA CCEC CD
	Uso dos coñecementos	B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información	SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais	CCL

	<p>referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</p>	<p>CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 2. Produción de textos orais				
<p>a</p> <p>c</p> <p>d</p> <p>i</p>	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Execución:</p> <p>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa</p>	<p>CSIEE CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

	<p>básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido. Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. Petición de axuda. Paralingüísticos: Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas.</p>	<p>facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>idade e o seu nivel escolar</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiás (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

	<p>oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.</p> <p>B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.</p>	<p>SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución: Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en párrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p> <p>SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

	<p>lingüísticos disponíveis.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>			
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

	<p>significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p>	<p>devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p>	<p>a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	
--	---	--	---	--

17. 3º E.S.O

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS PRIMEIRA LINGUA
CURSO E GRUPO	3º A,B,C
PROFESOR	Rebeca Puga Pereira
LIBRO DE TEXTO	English in Use Editorial Burlington Outubro 2015
LIBRO DE LECTURA OBLIGATORIA	"Mystery in San Francisco" Ed. Burlington. Cideb Editrice

17.1. COMPETENCIAS BÁSICAS

No presente punto trátase á avaliación das competencias lingüísticas e de aprendizaxe dos alumnos aprendizaxe colaborativa e o marco común europeo /as de 3º da E.S.O.

Aprender unha nova lingua é, seguramente, un dos retos máis difíciles aos que se enfrontan os estudantes ao longo da súa vida académica, sobre todo porque supón mergullarse de forma activa nunha cultura e nunha visión da vida moi diferentes da súa. A medida que aprenden un idioma, desenvolven unha serie de competencias clave da aprendizaxe:

- A Competencia conciencia e expresións culturais e a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a través dos textos e dos temas elixidos.
- A Competencia dixital, mediante as actividades de Internet e os materiais dixitais.
- As Competencias sociais e cívicas a partir das interaccións e as dinámicas da clase, que desenvolven a aprendizaxe colaborativa.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor desenvólvese ao longo de todo o proceso da aprendizaxe do idioma á través das actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que o alumno ha de tomar decisións sobre que dicir e como facelo, e con que medios.

O obxectivo primordial é facilitar o proceso de aprendizaxe e servir de ponte para que os alumnos/as coñezan os lugares nos que se fala inglés e a forma en que o utiliza a xuventude nativa da súa mesma idade.

Os estudantes de linguas deben facerse responsábeis da súa aprendizaxe e adoptar unha actitude o

máis activa posible á hora de establecer obxectivos e de traballar para alcanzalos. O alumnado que empeza 3º da ESO, polo xeral, considérase como estudante de inglés no ensino secundario. Tanto se a súa actitude é positiva coma se é negativa, o comezo do segundo ciclo da ESO ofrécelle unha excelente oportunidade de avaliar o seu propio progreso en inglés e de marcar novos obxectivos que lle axudarán a enfrontarse aos retos desta etapa do sistema educativo. Nesta nova etapa, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado é continua e a decisión do profesor/a de promover ao alumno/a será adoptada atendendo á consecución das competencias clave e aos obxectivos da etapa.

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

Tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

17.2. OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

O terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das

tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, si houbela, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación

17.3. CONTIDOS

Como nos restantes cursos os contidos clasifícanse nos seus correspondentes bloques como se indica a continuación:

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles re-levantes).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).
- Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.
- Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.
- Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

Estratexias de produción:

- Planificación.
- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ao destinatario, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograra intención comunicativa.
- Execución:
 - Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
 - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
 - Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, no seu caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
 - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
 - Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos.
 - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.
- Lingüísticos:
 - Modificación de palabras de significado parecido.
 - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.
 - Petición de axuda ou clarificación.
- Paralingüísticos:
 - Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.
 - Usar elementos cuasiléxicos (humm, puah...) de valor comunicativo.
 - Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.
- Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e nivel escolar.
- Uso da quenda de palabra: con indicadores básicos e máis habituais de se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar dos demais
- Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara aos demais para comprender e facerse comprender.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e tema.

- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)
- Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo, explicativo), adaptando a comprensión ao mesmo.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial, puntos principais).
- Formulación de hipótese sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión elementos.
- Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

Estratexias de produción:

- Planificación
- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realiza eficazmente a tarefa (reparar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir, etc.).
- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda, etc.).
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente gustaríalle expresar, tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe “prefabricada”, etc.).
- Revisión
- Identificación de problemas, erros e repeticións.
- Atención ás convencións ortográficas e signos de puntuación.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra...).
- Reescritura definitiva.

Características textuais

- Uso de recursos básicos para Elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación propios do seu nivel escolar.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.
- Acento dos elementos léxicos illados e no sintagma e na oración.

Patróns gráficos e convencións ortográficas

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.
- Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía e de rexistros máis habituais; e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira.
- Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación ...), e costumes, valores, e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Recoñecemento da realidade multilingüe da propia contorna.
- Recurso aos coñecementos sintactico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos
- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.
- Acento dos elementos léxicos illados e no sintagma e na oración.

Plurilingüismo

- Recoñecemento da realidade multilingüe da propia contorna.
- Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Desexos, condicións e hipóteses.
- Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Léxico oral e escrito de uso común relativo a identificación persoal

- Vivenda, fogar e contorna.
- Actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión de opinións- e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.

Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais

- Segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.

Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

- Ser unha persoa plurilingüe.

Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común

- Relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións.
- Inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico.
- Comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.

Reformular o sentido dun texto

- Resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo, que descoñece a lingua estran-xeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

Participar en proxectos

- Elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, etc. nos que se empreguen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

17.3.1. Contidos mínimos esixibles

Os contidos mínimos esixidos no 3º curso da E.S.O serán:

- Todo o estudiado nos cursos primeiro e segundo e máis especialmente todo o que se refire a construción de frases nas formas afirmativas, negativas e interrogativas nos tempos presente, pasado e futuro.
- Habilidades comunicativas. reading, writing, speaking , listening.
- Comparativos e superlativos.
- Expresións temporais.
- Present perfect
- Modais.
- A oración pasiva: presente e pasado

17.4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN. UNIDADES.

Avaliación	Unidades
Primeira	STARTER UNIT, UNIT ONE, TWO AND THREE
Segunda	FOUR, FIVE AND SIX
Terceira	SEVEN, EIGHT AND NINE

17.5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Primeira Lingua Estranxeira. 3º de ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
A c d i	B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (información básica sobre algunha materia do currículo, temas do seu interese ou ocupacionais propios da súa idade e do seu nivel escolar), pronunciadas con lentitude e claridade. B1.3. Comprender os puntos	PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo). PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as	CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC

	<p>novos elementos.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>principais e información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e que se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas claras e pausadas que teñen lugar na súa presenza, nas que se describan, narren ou se dean opinións sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, sempre que poida pedir información.</p> <p>B1.6. Comprender preguntas, solicitude de informacións e cambios moi evidentes de tema en situacións comunicativas cara a cara en que se lle pregunte sobre asuntos básicos e coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>B1.7. Comprender o sentido xeral e a información específica sinxela de programas de televisión, tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén cun apoio de imaxes moi redundantes.</p>	<p>condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>	
			<p>PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			Bloque 2. Producción de textos orais	
a	B2.1. Estratexias de produción:	B2.1. Coñecer e saber	PLEB2.1. Nas actividades de	CCL

c d i	Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. Execución: Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta dela) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido. Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. Petición de axuda ou clarificación. Paralingüísticos: Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben	aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos. B2. 2. Manexar frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de xeito suficiente e comprensible en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a comunicación en situacións menos comúns. B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación da persoa interlocutora. B2.4. Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din. B2.5. Participar en conversas básicas sobre temas predicibles e con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, reaccionar perante invitacións e propostas), e expresar sentimentos e opinións de forma básica. B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.	aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun	CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC
-------------	--	---	---	---

	<p>ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p> <p>B2.4. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p>		<p>grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d e i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e tema.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</p> <p>Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo), adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñece, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p> <p>B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p> <p>PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional.</p> <p>PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.</p> <p>PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados,</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CS CCEC CD</p>

		<p>B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas relativas aos seus intereses nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.</p>	<p>presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).</p> <p>PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
Bloque 4. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). Execución: Elaboración dun borrador. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións</p>	<p>B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p> <p>B4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto).</p> <p>B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes).</p> <p>B4.4. Escribir, en soporte impreso ou nas redes sociais, textos sinxelos e breves (notas, cartas persoais, postais, felicitacións, etc.), que conteñan información persoal ou relativa á vida cotiá, de primeira necesidade ou do seu</p>	<p>PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.</p> <p>PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.</p> <p>PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).</p> <p>PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, <i>chats</i>, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

	<p>ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.</p>	<p>interese, a partir de modelos previos, usando as fórmulas básicas de saúdo e despedida propias do soporte utilizado, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións ben estruturadas e cunha orde lóxica.</p> <p>B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>PLEB4.6 Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
<p>7. a</p> <p>8. c</p> <p>9. d</p> <p>10.</p> <p>11.</p>	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos básicos.</p> <p>Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais e normas de cortesía dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares,</p>	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.</p> <p>B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á</p>	<p>PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.</p> <p>PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.</p> <p>PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

<p>poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Recoñecemento da realidade multilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a</p>	<p>vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos</p> <p>B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).</p> <p>B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do</p>	<p>estándar.</p> <p>PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p> <p>PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.</p> <p>PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.</p> <p>PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).</p> <p>PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
--	---	---	--

	<p>esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</p> <p>Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.</p> <p>B5.8. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>	<p>contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.</p> <p>B5.9. Reformular o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.</p> <p>B.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	
--	--	---	--	--

17.6. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021 e trala análise da avaliación inicial na que se poideran detectar as carencias e necesidades do alumnado o profesor da materia determinará en cada caso o reforzo daqueles aprendizaxes imprescindibles para garantir una transición positiva ós aprendizaxes propios de 3º ESO.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, alomenos, durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022.

O plan de reforzo incluirá, alomenos:

- Participar en inglés en diversas situacións comunicativas.
- Comprender a información global e específica de mensaxes escritos e orais.

- Utilizar vocabulario e estratexias gramaticais axeitadas ao nivel do curso e adaptadas ou amplificadas, cando fora posible.
- Extraer información xeral por medio de diferentes canles de comunicación .
- Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos.
- Utilizar estratexias de aprendizaxe que fomenten a autonomía do alumno para saber enfrontarse á nova situación , permitíndolle acadar os coñecementos necesarios no avance da asignatura.

Priorizando a mellora nas competencias:

- Comunicación lingüística, que permita ó alumno a comunicación por escrito ou oral na lingua estranxeira.
- Competencia dixital, que permita ó alumnado a capacidade de adquirir os coñecementos sen a presenza física do profesor e facilitará o avance nos contidos a estudar
- Aprender a aprender, que lle permita avanzar na súa autonomía de aprendizaxe.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado do grupo, fomentando a colaboración e a participación do mesmo no seu proceso de aprendizaxe. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas, activas, axustadas a súas necesidades, que requiran da posta en práctica de tódalas súas competencias, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

18. 4º E.S.O

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS PRIMEIRA LINGUA
CURSO E GRUPO	4º A,B,C
PROFESOR/A	Juan Aguado Vázquez, Margarita Alfonso Rodríguez
LIBRO DE TEXTO	ENGLISH IN USE 4 Editorial BURLINGTON Octubre 2015
LIBRO DE LECTURA OBLIGATORIA	" The luckiest Girl in the world" Andrea Hutchinson. Black Cat. Ed. Vicens Vives.

18.1. COMPETENCIAS BÁSICAS

1. *Competencia en comunicación lingüística*

- Estabelecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, e achegarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto.
- Usar a comunicación lingüística como motor da resolución pacífica de conflitos.

- Adquirir competencia na expresión e comprensión das mensaxes orais en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto.
- Producir textos orais adecuados a cada situación, utilizando códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas, así como regras propias do intercambio comunicativo.
- Buscar, recompilar e procesar información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas.
- Usar a lectura como fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber.
- Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais.
- Ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe, en función do contexto e da intención comunicativa.
- Ler, escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia.
- Expresar adecuadamente as propias ideas e emocións, así como aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.
- Enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio, comunicándose nunha lingua estranxeira, polo menos.
- Acceder a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe, grazas ás linguas estranxeiras.

2. *Competencia matemática*

- Producir e interpretar distintos tipos de información, ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.
- Interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.
- Aplicar a información a unha maior variedade de situacións e contextos, seguir cadeas argumentais identificando as ideas fundamentais, e estimar e axuizar a lóxica e a validez de argumentacións e informacións.
- Identificar a validez dos razoamentos e valorar o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos válidos.
- Identificar situacións que precisan elementos e razoamentos matemáticos, aplicar estratexias de resolución de problemas e seleccionar as técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñíbel.
- Utilizar elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, resolver problemas provenientes da vida cotiá e tomar decisións.

			dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.	CCEC
			PLEB.2.8. Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	CCL CAA CSC CCEC
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a b c f m n	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema (coñecementos previos sobre o contido de que se trate) a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Identificación das palabras clave.</p> <p>Recoñecemento da información esencial que o texto proporciona e que é necesaria para lograr o obxectivo de lectura.</p> <p>Suposición de informacións pouco relevantes (redundantes, de detalle e pouco pertinentes) para o</p>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes do texto, a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas, claramente sinalizadas.</p> <p>B3.2. Distinguir tanto a función ou as funcións comunicativas principais do texto como as implicacións facilmente discernibles; apreciar as intencións comunicativas derivadas do uso de expoñentes das devanditas funcións, e identificar os propósitos comunicativos xerais asociados a distintos formatos, patróns e estilos discursivos típicos.</p> <p>B3.3. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e que traten temas tanto abstractos como concretos dentro do propio campo de especialización ou interese, nos ámbitos persoal, público, educativo ou ocupacional ou laboral, sempre que se poidan releer as seccións difíciles.</p> <p>B3.4. Distinguir e aplicar á comprensión do texto escrito as funcións e os significados específicos xeralmente</p>	<p>PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.</p>	CCL CAA CSC
			<p>PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua.</p>	CCL CAA CCEC
			<p>PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.</p>	CCL CAA CCEC

	<p>obxectivo de lectura</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>Revisión e recapitulación continua e autointerrogación sobre a comprensión.</p>	<p>asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde).</p> <p>B3.5. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e relacionados cos propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público e educativo, ben estruturados en rexistro estándar da lingua, e escritos de xeito claro e sinxelo.</p> <p>B3.6. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e clara, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos.</p>	<p>PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).</p> <p>PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).</p> <p>PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios).</p> <p>PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.</p> <p>PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.</p>	<p>CCL CAA</p> <p>CCL CSC CCEC</p> <p>CCL CSC CCEC</p> <p>CCL CSC CCEC</p> <p>CCL CSC CCEC CD</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
<p>a</p> <p>b</p> <p>c</p> <p>f</p>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema e o que se pode ou se quere dicir, xerar ideas posibles, etc.)</p> <p>Procurar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara e de certa lonxitude, por exemplo, desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria, a partir dun guión previo.</p> <p>B4.2. Escribir, en calquera soporte, textos de estrutura clara sobre una serie de temas xerais e máis específicos relacionados cos propios</p>	<p>PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

<p>Execución:</p> <p>Elaborar un borrador.</p> <p>Estruturar o contido do texto.</p> <p>Organizar o texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal do texto e entre todos conformar o significado ou idea global deste.</p> <p>Considerar as propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reformular a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Apoiarse en sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", como frases feitas ou locucións).</p> <p>Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p>	<p>intereses ou as especialidade, facendo descrições co suficiente detalle; redactando en palabras propias, e organizando de maneira coherente, información e ideas extraídas de diversas fontes, e xustificando as propias opinións sobre temas xerais, ou máis específicos, utilizando elementos de cohesión e coherencia e un léxico de uso común, ou máis específico, segundo o contexto de comunicación.</p> <p>B4.3. Adecuar a produción do texto escrito ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema.</p> <p>B4.4. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común con fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou funcións comunicativas correspondentes.</p> <p>B4.5. Presentar os textos propios, en soporte impreso ou dixital, de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, etc.) atendendo non só á corrección ortográfica da palabra, senón tamén ao uso de maiúsculas e minúsculas, e signos de puntuación.</p> <p>B4.6. Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes, e escribir notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p> <p>B4.7. Escribir cartas formais e informais a persoas ligadas ao seu ámbito persoal e profesional nas que pide ou transmite información sinxela de carácter inmediato, salientando os aspectos que se consideran importantes, empregando a estrutura e características propias deste tipo de texto (cabeceira, despedida, sinatura, marxes, etc.).</p>	<p>actuación.</p>	
	<p>PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	
	<p>PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>	
	<p>PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallado e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	
	<p>PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>	
	<p>PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	
	<p>PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	
	<p>PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	

	<p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B4.2. Estruturas sintáctico-discursivas.</p> <p>B4.3. Léxico escrito común e máis especializado (producción), dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>B4.4. Revisión:</p> <p>Identificar problemas, erros e repeticións.</p> <p>Prestar atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Realizar a escritura definitiva.</p> <p>Presentar o texto de forma coidada (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.)</p>		<p>vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.</p>	
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				

a b c f p	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <p>Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais).</p> <p>Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras).</p> <p>Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións).</p> <p>Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética.</p> <p>B5.3. Patróns gráficos e convencións ortográficas da palabra, da oración e do enunciado (punto, coma, punto e coma, comiñas, paréntese, signos de interrogación, signos de exclamación, puntos suspensivos e guión).</p> <p>B5.4. Coñecementos morfosintácticos e discursivos:</p> <p>Recoñecemento e uso de elementos morfosintácticos que permiten recoñecer, formular e organizar distintos tipos de texto.</p> <p>Recoñecemento e uso de elementos, categorías, clases, estruturas, procesos e relacións gramaticais habituais en distintos tipos de discurso.</p> <p>B5.5. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.6. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos</p>	<p>B5.1. Discriminar e producir con certa fluidez patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, recoñecendo e dándolles os significados e as intencións comunicativas desexados.</p> <p>B5.2. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira, en contextos reais ou simulados de comunicación.</p> <p>B5.3. Reproducir os patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico (por exemplo, indicacións para acoutar información, como parénteses ou guións), con corrección na maioría das ocasións; saber manexar procesadores de textos para resolver dúbidas ortográficas nos textos producidos en formato electrónico, e utilizar con eficacia as convencións de escritura que rexen na comunicación por internet.</p> <p>B5.4. Coñecer e aplicar os trazos socioculturais e sociolingüísticos salientables das comunidades en que se utiliza a lingua meta, e as súas diferenzas con respecto ás culturas propias, relativas a situacións cotiás e menos habituais no ámbito persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sobre a estrutura socioeconómica, as relacións interpersoais, de xerarquía e entre grupos, o comportamento (posturas e acenos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e códigos proxémicos), as convencións sociais (actitudes, valores e tabús), os costumes e os usos, e actuar en consecuencia, adaptándose adecuadamente ás características das persoas interlocutoras e da situación comunicativa na produción do texto oral e escrito.</p> <p>B5.5. Amosar interese por establecer relacións entre a cultura propia e a cultura da lingua meta para cumprir o papel de intermediación cultural, e abordar con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, esforzándose por superar comparacións ou xuízos estereotipados.</p>	<p>PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfere á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.</p> <p>PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizalas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.</p> <p>PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.</p> <p>PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <p>PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.</p> <p>PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CSC CCEC</p> <p>CCL CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
-----------------------	--	---	--	---

	<p>lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p> <p>B5.8. Funcións comunicativas:</p> <p>Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.9. Léxico:</p> <p>Recoñecemento e uso do léxico común e máis especializado relacionado con contidos educativos correspondentes e de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, o tempo e o espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural;</p>	<p>B5.6. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común co fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou as funcións comunicativas.</p> <p>B5.7. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e máis especializado cando se conta con apoio visual ou contextual, relacionado cos propios intereses e as propias necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, e expresións e modismos de uso habitual.</p> <p>B5.8. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesita esta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>especializado se conta con apoio visual ou contextual.</p> <p>20. LEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
--	--	---	---	---

	<p>ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos como "Está libre esta cadeira?" ou "Podo...?", colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade.</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p>			
--	--	--	--	--

22.6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

Serán as mesmas que para os demais cursos, aínda que estes alumnos terán prioridade perante actividades de teatro ou música, xa que o programa non esixe dedicar tanto tempo á gramática e á lectura como facemos noutros cursos. Recalcamos que o prezo que hai que pagar por unha obra de teatro é demasiado elevado para os alumnos, o cal dificulta moitas veces a realización destas actividades por parte do profesorado.

Uso das novas tecnoloxías para estar en contacto con alumnos de países de fala inglesa. Os alumnos usarán os ordenadores para chatear en inglés ca axuda do profesor. Sería moi interesante facer un intercambio.

22.6.1. Proxecto lector

Os alumnos lerán un libro adaptado ó seu nivel, como nos outros cursos, pero darémoslle máis importancia á lectura e expresión oral, traballando o libro de forma lúdica e menos gramatical que na clase de primeiro idioma. Adicaremos un día tódalas semanas a ler e a escenificar algún parágrafo, para que os alumnos sintan o gusto pola lectura e lles axude a entender o contido do libro sen necesidade de estar usando o dicionario todo o tempo.

23. 2º BACHARELATO PRIMEIRA LINGUA

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS PRIMEIRA LINGUA
CURSO E GRUPO	2º A,B,C,D,E
PROFESOR/A (ES/AS)	Juan de Dios Liria Marrero e Rebeca Puga Pereira (Diúrno)
LIBRO DE TEXTO	LIVING ENGLISH 2 Editorial BURLINGTON Autor Elizabeth Grant, Kaitlin Edwards

23.1. COMPETENCIAS

As competencias clave e a súa descrición

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender

5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal interveñe na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos

principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos. Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervenir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

23.2. OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Os puntos principais serán:

- Repaso das estruturas gramaticais estudadas ao longo da eso e bacharelato
- Aprender a facer resumos de textos e composicións semellantes as de selectividade
- Estudiar vocabulario novo por medio de textos de diferente dificultade, de distintas fontes, revistas, periódicos, libros de texto etc.
- Aprender a debater na aula temas de interese actual oralmente e por escrito.

- Saber estar na aula para aprender , non só para acadar unha boa nota. Os alumnos deberán participar na clase con atención e interese.
- Amosar tolerancia cara o resto dos compañeiros e intentar traballar en equipo ou en grupos para chegar a obter información sobre distintos temas.
- Amosar interese no progreso na asignatura aínda que resulte laborioso. Premiarase o esforzo na nota final.
- Traballar cara un obxectivo final , unha boa nota e un coñecemento da asignatura serio .
- Ter claros os obxectivos que perseguimos cando decidimos facer o segundo de bacharelato ou estudar unha carreira universitaria.

23.3. CONTIDOS

Estruturas sintáctico-discursivas :

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (neither ... nor); disxunción (either ... or); oposición / concesión (despite / in spite of + NP / VP / sentence); causa (because (of); due to; as; since); finalidade (so as not to); comparación (as / not so Adj. as; far more exciting (than); the greatest ... of all; resultado / correlación (such ... that); condición (if; unless); estilo indirecto (reported statements, questions, orders, requests, suggestions; reporting verbs).
- Relacións temporais ((just) as; while: once (they've been taken to the city)).
- Afirmación (emphatic affirmative sentences, e. g. I do like them a lot; tags, e. g. I should have).
- Exclamación (What + noun (+ sentence), e. g. What a nuisance (he is)!; How + Adv. + Adj., e. g. How very extraordinary!; exclamatory sentences and phrases, e. g. It's been ages!!).
- Negación (e. g. You needn't have).
- Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; What's the use of trying?; tags).
- Expresión do tempo: pasado (Past Simple and Continuous; Present Perfect Simple and Continuous; Past Perfect Simple and Continuous); presente (Present Simple and Continuous); futuro (Future Simple; Present Simple and Continuous + Adv.; Future Continuous; Future Perfect Simple; be going to).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (Present and Past Simple / Perfect; Future Continuous); habitual (simple tenses (+ Adv.)); incoativo ((be) set to); terminativo (finish -ing).
- Expresión da modalidade: *factualidade (declarative sentences); capacidade (it takes / serves ...); posibilidade / probabilidade (can; be able to; could; may; might); necesidade (want; take; have to / don't have to; need to / needn't; must); obrigación (need / needn't; have to / don't have to; must); permiso (may; allow); intención (be thinking of -ing); peticións (can, could; may, would); habilidade (can / can't, be able to; could); prohibición (can't, musn't); consello e recomendacións (should; ought to); suxestións (could); dedución (can't); (could have; can't / couldn't have; may / might have; must have; should / ought to have: shouldn't have; would have).*

- Expresión da existencia (e. g. there must have been); a entidade (count / uncount / collective / compound nouns; pronouns), (relative, reflexive / emphatic, one(s); determiners); a calidade (e. g. easy to understand).
- Expresión da cantidade: Number (e. g. over thirty thousand pounds, a few hundred people). Quantity: e. g. a great deal of. Degree: e. g. extremely; incredibly (fast)).
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).
- Expresión do tempo (points (e. g. back in the year, within a month, whenever), divisions (e. g. term), and indications of time (e. g. earlier this morning / this week; later in the evening / that year); duration (e. g. through the years; over a week); anteriority (already; yet; just before); posteriority (e. g.; later; soon after); sequence (to begin with, besides, to sum up); simultaneousness (just then / as); frequency (e. g. rarely; constantly).
- Expresión do modo (Adv. and phrases of manner, e. g. thoroughly; inside out; in a mess).
- A voz pasiva e os verbos causativos (have / get + something + done).
- As oracións de relativo especificativas e explicativas (defining and non-defining relative clauses).

23.3.1. Contidos mínimos esixibles

Neste curso os mínimos refírense a gramática estudada ó longo da ESO e no primeiro curso de Bacharelato.

O alumno deberá demostrar as súas capacidades para ler, resumir e razoar sobre calquera texto do seu nivel. Os erros básicos deberán ser penalizados sempre que se repitan constantemente.

- Ensinar a lingua estranxeira co fin de que o alumno/a logre comunicarse e desenvolverse con éxito, no plano oral e no escrito.
- Profundizar no desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.
- Conseguir que entenda o funcionamento do sistema lingüístico e que reflexione sobre o mesmo, comparándoo coa súa lingua materna, para alcanzar un bo nivel de comunicación.
- Profundar no sistema fonético, nas funcións gramaticais e no vocabulario de modo que poida recoñecelos e empregalos en situacións reais de comunicación.
- Fomentar a expresión das ideas e puntos de vista persoais do alumno/a para crear unha comunicación real.
- Desenvolver e dominar de forma integrada as catro destrezas básicas: *listening*, *speaking*, *reading* e *writing*.
- Ofrecerlle todas as facilidades posíbeis para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais.
- Espertar no alumnado a responsabilidade de conseguir a autonomía na súa aprendizaxe,

recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis lle conveñan.

23.4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.

Avaliación	Unidades
Primeira	ONE, TWO AND THREE
Segunda	FOUR, FIVE AND SIX
Terceira	SEVEN AND EIGHT

23.5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a b c f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis habituais: verificadores, expresivos, apelativos e fálicos.</p>	<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
		<p>B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración).</p>	<p>PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p>	<p>CCL CCA CSC CCEC</p>
		<p>B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.</p>	<p>PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>B1.5. Recoñecer os</p>	<p>PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito</p>	<p>CCL CCA</p>

		<p>significados e intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.</p> <p>B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <p>B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.</p>	<p>educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.</p> <p>PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p> <p>PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.</p>	<p>CSC CCEC</p> <p>CCL CCA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a b c f	<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Execución: Expresión da mensaxe con</p>	<p>B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.</p> <p>B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un</p>	<p>PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).</p> <p>PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

	<p>claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolle o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos:</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou parafrase dun termo ou dunha expresión.</p> <p>Produción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e circunloquios.</p> <p>Paralingüísticos.</p> <p>Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).</p> <p>Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</p> <p>Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación en contextos informais e formais máis habituais.</p>	<p>punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.</p> <p>B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).</p> <p>B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.</p> <p>B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.</p> <p>B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o</p>	<p>á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.</p> <p>PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolverlo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.</p> <p>PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.</p> <p>PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas,</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
--	--	--	--	--

		<p>discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir.</p> <p>B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).</p>	<p>reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.</p>	
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a b c f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto.</p> <p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro.</p> <p>B3.3. Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquexos e outros.</p> <p>B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de</p>	<p>PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais).</p> <p>PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.</p> <p>PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos).</p> <p>PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos,</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

		temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.	sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.	
		B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar.	PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos.	CCL CAA CSC CCEC CD
		B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes.	PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos.	CCL CAA CSC CCEC
			PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.	CCL CAA CSC CCEC
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
a b c f	B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.) Execución:	B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e	PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun	CCL CAA CSC CCEC

<p>Elaboración dun borrador.</p> <p>Estruturação do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Discriminación das propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <p>Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolles o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Verificación da progresión e da coherencia.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).</p>	<p>as concordancias.</p> <p>B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos.</p> <p>B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descrições claras e detalladas; sintetizando información e argumentos extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; e defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue.</p> <p>B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.</p> <p>B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p> <p>B4.6. Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a</p>	<p>punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.</p> <p>PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada.</p> <p>PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado).</p> <p>PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).</p> <p>PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado.</p> <p>PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.</p> <p>PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL</p>
--	---	--	---

		marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.	carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.	CAA CSC CCEC CD
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a b c f p	B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais). Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións). Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos da redución fonética. B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Convencións sociais. Recoñecemento das normas e as variacións sociais, as convencións sociais e as formas, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; características básicas do sentido do humor; usos lingüísticos adecuados ao contexto; referencias relativas á identidade nacional ou cultural; linguaxe non verbal e diferenzas específicas entre a propia cultura e a cultura portada pola lingua obxecto de estudo. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades	B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e selecciónalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor. B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico. B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación). B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e	PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre	CCL CAA CSC CCEC CD
				CCL CAA CSC CCEC
				CCL CAA CSC CCEC
				CCL CSC CCEC

	<p>lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas, e transferencia destes coñecementos e estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico: Recoñecemento e uso de léxico oral e escrito común e máis especializado dentro das</p>	<p>sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas.</p> <p>B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.</p> <p>B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.</p> <p>B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p> <p>B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que</p>	<p>que poida pedir confirmación.</p> <p>PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.</p> <p>PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.</p> <p>PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os compartan) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.</p> <p>PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
--	--	---	--	---

	<p>propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade).</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos, sinónimos e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>	<p>é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	---	--	--	--

23.6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

Ademais das obras teatrais, sempre que haxa profesores dispostos, sería moi conveniente para toda a comunidade educativa realizar intercambios escolares con países de fala inglesa.

Si se pode, aínda que non se faga o intercambio, a comunicación vía internet pode ser moi interesante.

23.7. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021 e trala análise da avaliación inicial na que se puideran detectar as carencias e necesidades do alumnado o profesor da materia determinará en cada caso o reforzo daqueles aprendizaxes imprescindibles para garantir una transición positiva ós aprendizaxes propios de 2º Bacharelato.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, alomenos, durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022.

O plan de reforzo incluírá, alomenos:

- Participar en inglés en diversas situacións comunicativas.
- Comprender a información global e específica de mensaxes escritos e orais.
- Utilizar vocabulario e estratexias gramaticais axeitadas ao nivel do curso e adaptadas ou amplificadas, cando fora posible.
- Extraer información xeral por medio de diferentes canles de comunicación .
- Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos.
- Utilizar estratexias de aprendizaxe que fomenten a autonomía do alumno para saber enfrontarse á nova situación , permitíndolle acadar os coñecementos necesarios no avance da asignatura.

Priorizando a mellora nas competencias:

- Comunicación lingüística, que permita ó alumno a comunicación por escrito ou oral na lingua estranxeira.
- Competencia dixital, que permita ó alumnado a capacidade de adquirir os coñecementos sen a presenza física do profesor e facilitará o avance nos contidos a estudar
- Aprender a aprender, que lle permita avanzar na súa autonomía de aprendizaxe.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado do grupo, fomentando a colaboración e a participación do mesmo no seu proceso de aprendizaxe. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas, activas, axustadas a súas necesidades, que requiran da posta en práctica de tódalas súas competencias, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

24. 2º BACHARELATO MODALIDADE NOCTURNO

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS MODALIDADE NOCTURNO
CURSO E GRUPO	2º A,B
PROFESOR/A (ES/AS)	José Carlos Barrera Zamora
LIBRO DE TEXTO	LIVING ENGLISH 2 Editorial BURLINGTON Autor Elizabeth Grant, Kaitlin Edwards

24.1. COMPETENCIAS

Serán as mesmas da modalidade diúrno.

24.2. OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Familiarizar aos alumnos con coñecementos da lingua inglesa enfocados para as súas necesidades futuras tanto no campo laboral como académico. Isto implica continuar desenvolvendo procesos de autonomía xa que os alumnos terán definido mailas súas necesidades e xuros e descubrirán que a lingua estranxeira permítelles acceder a informacións e datos relevantes de interese.

- Continuar desenvolvendo a competencia comunicativa en inglés favorecendo tanto o seu uso instrumental como o coñecemento das súas regras de funcionamento. Desta forma, a lingua estranxeira contribuirá ao progreso intelectual, a estruturación mental, a capacidade investigadora e a interacción social. As características deste curso serán:
- Activar os coñecementos previos dos alumnos tanto ao principio de cada unidade do libro como ao iniciar cada tarefa de aprendizaxe.
- Proporcionar práctica suficiente dos catro destrezas e os seus correspondentes estratexias a través de textos variados de tipo auténtico que son de interese para os mozos.
- Reflexionar sistematicamente sobre a lingua a partir da observación do funcionamento da mesma en contextos reais.
- Facilitar a ampliación do vocabulario mediante tarefas centradas especificamente neste propósito e que se enmarcan con indicacións precisas:
- Tarefas nas que os alumnos han de inferir o significado de palabras polo contexto , formar palabras novas, precisar significados, optar polos máis axeitados, etc.
- Considérase que a pronunciación é un aspecto ao que se debe prestar moita atención para desenvolver a expresión oral.
- Os alumnos terán oportunidades para comprender aspectos do mundo tecnolóxico e científico a través da lingua estranxeira
- Estimularase a madurez persoal, social e moral para mellorar a responsabilidade e autonomía

nas actuacións, facilitando a participación solidaria no desenvolvemento da súa CONTORNA social e natural.

- O traballo cooperativo, os temas transversais, a colaboración no traballo en EQUIPO , o desenvolvemento de opinións e actitudes críticas serán, entre outros, factores que contribúan ao desenvolvemento destas capacidades.
- fomentarse o desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria como fonte de formación e enriquecemento persoal cultural.
- Desenvolveranse nos alumnos as seguintes capacidades:
- Utilizar a lingua estranxeira de forma oral e escrita para comunicarse con fluidez e corrección en situacións reais diversas de forma clara, persoal e creativa.
- Será necesario que os alumnos interpreten o significado de elementos textuais e contextuais para decodificar información oral , escrita , visual, etc. que desenvolvan habilidades específicas para comprender e que utilicen as informacións na realización de tarefas concretas.
- Ler de forma comprensiva e autónoma textos diversos en lingua estranxeira co fin de acceder a outras informacións, adquirir máis coñecementos e como fonte de ocio.
- Coñecer os trazos fundamentais do medio sociocultural propio da lingua estranxeira para comprender mellor culturas distintas á nosa.
- Nesta etapa é moi importante avanzar no desenvolvemento da autonomía xa que os alumnos mostran máis diferencias individuais no que fai aos seus gustos, personalidade, estilos de aprendizaxe, perspectivas futuras etc.
- Valorar de forma crítica outras formas de organizar a experiencia e estruturar as relacións persoais comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais. Haberá que reflexionar sobre as diferencias e similitudes entre pobos e culturas. Con eles ampliarase o horizonte cultural que permite mellorar as relacións entre os pobos, compartir experiencias e participar en distintos ámbitos da actividade humana.

24.3. CONTIDOS

Serán os mesmos que os esixidos na correspondente materia modalidade diúrno.

24.3.1. Contidos mínimos esixibles

Serán algo máis baixos que os de diúrno. O alumno deberá no cometer erros básicos gramaticais e demostrará a súa capacidade para ler un texto de nivel intermedio. contestando preguntas de comprensión xeral.

Deberá ter clara a gramática básica da lingua inglesa (artigos, pronomes, verbos regulares e irregulares, construcións de frases afirmativas, interrogativas, condicionais, pasivas etc.

24.4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN. UNIDADES.

Avaliación	Unidades
Primeira	ONE, TWO AND THREE
Segunda	FOUR, FIVE AND SIX
Terceira	SEVEN AND EIGHT

24.5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a b c f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis habituais: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos.</p>	<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.</p> <p>B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración).</p> <p>B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se</p>	<p>PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p>PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p>	CCL CCA CSC CCEC
			<p>PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.</p>	CCL CAA CSC CCEC

		<p>comprenda a totalidade dos textos.</p> <p>B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.</p> <p>B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <p>B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.</p>	<p>PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.</p> <p>PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p> <p>PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.</p>	<p>CCL CCA CSC CCEC</p> <p>CCL CCA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a b c f	<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e</p>	<p>B2.1. Coñecer, seleccionar con cooidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.</p> <p>B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do</p>	<p>PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).</p> <p>PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

	<p>memorizados.</p> <p>Execución:</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolle o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos:</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou parafrase dun termo ou dunha expresión.</p> <p>Produción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e circunloquios.</p> <p>Paralingüísticos.</p> <p>Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).</p> <p>Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</p> <p>Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación en contextos informais e formais máis</p>	<p>propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.</p> <p>B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).</p> <p>B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.</p> <p>B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.</p> <p>B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que</p>	<p>oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.</p> <p>PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolverlo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.</p> <p>PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.</p> <p>PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas,</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
--	--	---	---	--

	habituais.	<p>poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir.</p> <p>B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).</p>	reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.	
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a b c f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial e paratextual: proveniencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto.</p> <p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro.</p> <p>B3.3. Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquejos e outros.</p> <p>B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente</p>	<p>PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais).</p> <p>PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.</p> <p>PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos).</p> <p>PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

		<p>complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.</p> <p>B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar.</p> <p>B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes.</p>	<p>entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.</p> <p>PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos.</p> <p>PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes nesex textos.</p> <p>PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
<p>a b c f</p>	<p>B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de</p>	<p>B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da</p>	<p>PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro),</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

<p>axuda, etc.)</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador.</p> <p>Estruturação do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Discriminación das propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <p>Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolles o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Verificación da progresión e da coherencia.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).</p>	<p>coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e as concordancias.</p> <p>B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos.</p> <p>B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descrições claras e detalladas; sintetizando información e argumentos extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; e defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue.</p> <p>B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.</p> <p>B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p>	<p>desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.</p> <p>PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada.</p> <p>PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado).</p> <p>PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).</p> <p>PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado.</p> <p>PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
--	---	--	--

		B4.6. Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.	ás que se dirixe. PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.	CCL CAA CSC CCEC CD
Bloque 5. Cofecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a b c f p	B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais). Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións). Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos da redución fonética.	B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e selecciónalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor. B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico. B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación). B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e	PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha	CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CCL CSC CCEC

	<p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas, e transferencia destes coñecementos e estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico:</p>	<p>escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas.</p> <p>B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.</p> <p>B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.</p> <p>B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p>	<p>reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.</p> <p>PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.</p> <p>PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.</p> <p>PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os compartan) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.</p> <p>PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
--	--	--	---	---

	<p>Recoñecemento e uso de léxico oral e escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade).</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos, sinónimos e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>	<p>B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	--	--	--	--

24.6. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA OU MÓDULO PENDENTE

Os alumnos coa asignatura de 1º pendente, tanto os de Diúrno como os de Nocturno dispoñerán dunha hora de recuperación á semana, sempre que faia profesores para completar horario.

Realizaranse dúas probas, unha a principios de ano e outra en Maio.

Repasarase a materia da que os alumnos se examinarán nestas probas.

24.7. TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas serán os mesmos que no diúrno:

- A tolerancia
- A igualdade de xénero
- O acoso nas aulas e fora delas
- O medio ambiente

24.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

Serán as mesmas que para o correspondente curso na modalidade diúrno:

- Obras teatrais
- Audicións
- Intercambios
- Etc.

24.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os libros de texto e de traballo dispoñen de material suficiente para que o profesor elixa as que considere máis axeitadas aos seus alumnos, prestando a mesma atención aos máis avanzados como aos que teñen máis problemas.

24.10. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021 e trala análise da avaliación inicial na que se puideran detectar as carencias e necesidades do alumnado o profesor da materia determinará en cada caso o reforzo daqueles aprendizaxes imprescindibles para garantir una transición positiva ós aprendizaxes propios de 2º Bacharelato.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, alomenos, durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022.

O plan de reforzo incluirá, alomenos:

- Participar en inglés en diversas situacións comunicativas.
- Comprender a información global e específica de mensaxes escritos e orais.
- Utilizar vocabulario e estratexias gramaticais axeitadas ao nivel do curso e adaptadas ou amplificadas, cando fora posible.
- Extraer información xeral por medio de diferentes canles de comunicación .
- Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos.
- Utilizar estratexias de aprendizaxe que fomenten a autonomía do alumno para saber enfrontarse á nova situación , permitíndolle acadar os coñecementos necesarios no avance da asignatura.

Priorizando a mellora nas competencias:

- Comunicación lingüística, que permita ó alumno a comunicación por escrito ou oral na lingua estranxeira.
- Competencia dixital, que permita ó alumnado a capacidade de adquirir os coñecementos sen a presenza física do profesor e facilitará o avance nos contidos a estudar

- Aprender a aprender, que lle permita avanzar na súa autonomía de aprendizaxe.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado do grupo, fomentando a colaboración e a participación do mesmo no seu proceso de aprendizaxe. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas, activas, axustadas a súas necesidades, que requiran da posta en práctica de tódalas súas competencias, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

25. 2º BACHARELATO SEGUNDA LINGUA

ASIGNATURA/MÓDULO	INGLÉS SEGUNDA LINGUA
CURSO E GRUPO	-
PROFESOR/A (ES/AS)	-
LIBRO DE TEXTO	-

No presente curso académico non se imparte dita asignatura.

25.1. COMPETENCIAS

Serán as mesmas que para 2º de bacharelato primeira lingua.

25.2. OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- Estudar a asignatura de forma fundamentalmente práctica , é dicir considerar o inglés como algo que utilizaremos nun futuro próximo , que nos vai axudar no noso traballo e noutros momentos da nosa vida.
- Estudar de forma relaxada , sabendo que é unha asignatura que o alumno elixiu para non perder os seus coñecementos adquiridos anteriormente .
- Percorrer todos os campos lingüísticos e gramaticais que sexan de utilidade para o avance no estudo da lingua.
- Utilizar todo aquilo que na asignatura obrigatoria non podemos por falta de tempo.
- Ler con tranquilidade artigos de xornal, revistas etc. sen as présas dunha programación

ordinaria.

- Perante todo pretendemos que os alumnos gocen con esta materia optativa.
- Falar en inglés co profesor e os compañeiros, xa que o reducido número de alumnos fai que isto sexa posible. Debater sobre distintos temas, prestando atención á pronunciación.
- Visionar películas, deténdonos nos diálogos e fixándonos no vocabulario e expresións idiomáticas.
- Repasar e preguntar todo o que noutros cursos os alumnos non entenderon: gramática, fonética, etc

25.3. CONTIDOS

Cada avaliación constará dos mesmos apartados:

- Tradución
- Lectura e entoación (fonética)
- Composición (redaccións, relatos, biografías, diálogos etc.)
- Repaso de estruturas gramaticais
- *Role plays* .

1ª Avaliación

- Repaso de gramática de cursos anteriores
- Lectura de textos de interese da actualidade
- Nocións de fonética e entoación
- Aspectos da vida cotiá inglesa e americana.

2ª Avaliación

- Sintáxis : oracións subordinadas (conxuncións e nexos).
- Phrasal verbs
- Tradución directa e inversa : aprendendo a traducir libremente , fixándonos máis no sentido que na gramática.
- Libro de lectura: Resumos dos capítulos lidos, preguntas de comprensión oral etc.

3ª Avaliación

- Frases feitas, refráns, poesías.
- Aprendendo vocabulario : periódicos, revistas, folletos publicitarios, películas, ect.
- Películas: Repaso da películas e vídeos vistos ao longo do ano.
- Proxectos individuais: Aprendendo a expoñer un traballo diante da clase.

25.3.1. Contidos mínimos esixibles

O mínimo que esixiremos será unha boa disposición e actitude por parte do alumno á hora de elixir esta optativa. Ademais o alumno participará activamente na clase nos diálogos, debates etc. procurando progresar na aprendizaxe da lingua. Tamén esixirase un nivel intermedio da gramática inglesa e capacidade para desenvolver un tema oral e por escrito.

25.4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Será algo diferente á que desenvolvemos nos outros cursos, aínda que basicamente pretendemos o mesmo: estudar a lingua desde todos os puntos de vista, gramatical, fonético, lingüístico, cultural etc.

Dado o reducido número de alumnos, este ano comprobaremos que metodoloxía será a mellor ,para que en anos sucesivos melloremos a calidade do noso ensino.

Creemos que unha segunda lingua é a forma ideal de aprender sen vernos obrigados a iso . Isto atura un maior interese por parte dos alumnos, que van traballar voluntariamente, querendo aprender polo simple feito de , de aprender a falar e á entenderse con outras persoas de distinta lingua.

25.5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliaremos a cada alumno observando o avance e a vontade que demostren día a día. Ao ser moi poucos a tarefa de cualificación é moi sinxela, xa que o profesor está en contacto con eles catro días á semana, tendo deste modo o tempo suficiente para saber o progreso realizado a partir do comezo do curso.

25.6. TEMAS TRANSVERSAIS

- Educación para a paz e a tolerancia.
- Educación para o coidado do propio contorna.
- Educación para a igualdade dos dous sexos.
- Educación para a igualdade entre culturas diferentes.
- Educación para a saúde.
- Educación para a non violencia, tanto física como psicolóxica.

25.7. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA OU MÓDULO PENDENTE

Dado que os alumnos escollen esta asignatura voluntariamente, ata agora nunca suspenderon en xuño. O profesor procurará que siga sendo deste xeito. Se non fora así habería coma na primeira lingua dos exames de coñecementos xenerais nos meses de Febreiro e Maio.

25.8. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
Bloque 1. Comprensión de textos orais					
a b c f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis habituais: verificadores, expresivos, apelativos e fáuticos.</p>	<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.</p> <p>B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración).</p> <p>B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.</p> <p>B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresadas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.</p> <p>B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que tratan temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter</p>	<p>PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	
			<p>PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p>		<p>CCL CCA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.</p>		<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.</p>		<p>CCL CCA CSC CCEC</p>
- Comprensión de textos relacionados cos contidos conceptuais do módulo, de interese para as persoas adultas (instrucións, informacións, avisos, etc.) e capacidade de inferir, a partir do contexto o significado dalgunhas palabras descoñecidas.
- Comprensión global, con ou sen axuda do dicionario de textos escritos sinxelos , xornalísticos, literarios, de divulgación, etc, de interese para o alumnado adulto.
- Producción de textos escritos sinxelos con diferentes intencións comunicativas.
- Análises e comparación de determinados aspectos das formas de vida dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos correspondentes no noso país.
- Utilización de materiais auténticos procedentes de distintas fontes , co fin de obter as informacións desexadas.
- Contidos actitudinales
- Recoñecemento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e tendencia a superar as dificultades que xurdan na comunicación oral por falta de recursos lingüísticos, explotando ao máximo os coñecementos e as estratexias de comunicación que se traballan

no módulo.

- Toma de conciencia da capacidade para comprender globalmente unha mensaxe sen necesidade de entender todos os seus elementos.
- Interese polas mensaxes orais e escritos na lingua estranxeira co fin de obter información, ampliar coñecementos, gozar etc.
- Curiosidade por coñecer o funcionamento da lingua estranxeira e aprecio pola corrección no seu uso como garantía dunha comunicación fluída e eficaz.
- Curiosidade, respecto e valoración crítica das formas de vida , doutros aspectos socioculturais dos países en onde fálase a lingua estranxeira.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

27.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprender mensaxes orais breves propios das situacións de comunicación traballados no módulo.
- Producir mensaxes orais comprensibles e participar activamente nas situacións de comunicación propios dese módulo.
- Comprender a idea principal e extraer información específica de textos escritos breves de carácter interpersoais (cartas, notas, invitacións, avisos etc.) e de textos máis extensos, inferindo o significado de palabras descoñecidas a partir do contexto.
- Comprender globalmente con axuda do dicionario en caso necesario, textos escritos sinxelos de tipo xornalístico, literario, divulgativo etc. de interese para o alumnado adulto.
- Producir textos escritos sinxelos que respondan ás diferentes intencións comunicativas traballadas neste módulo.

27.3. TEMAS TRANSVERSAIS

Trataranse témalos máis importantes:

- A saúde
- A contorna
- A paz
- A reciclaxe
- Etc.

27.4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.

Avaliación	Unidades
Primeira	STARTER UNIT, UNIT ONE, TWO AND THREE
Segunda	FOUR, FIVE AND SIX
Terceira	SEVEN, EIGHT AND NINE

27.5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Primeira Lingua Estranxeira. 3º de ESO.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
A c d i	B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (información básica sobre algunha materia do currículo, temas do seu interese ou ocupacionais propios da súa idade e do seu nivel escolar), pronunciadas con lentitude e claridade. B1.3. Comprender os puntos principais e información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo). PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	CCL CAA CSC CCEC CD
	B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.	B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos	PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).	CCL CAA CSC CCEC
	B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.		PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza,	CCL CAA CSC CCEC

		de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e que se poida volver escoitar o dito.	cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.	
		B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas claras e pausadas que teñen lugar na súa presenza, nas que se describan, narren ou se dean opinións sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, sempre que poida pedir información.	PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	CCL CAA CSC CCEC
		B1.6. Comprender preguntas, solicitude de informacións e cambios moi evidentes de tema en situacións comunicativas cara a cara en que se lle pregunte sobre asuntos básicos e coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	CCL CAA CSC CCEC
		B1.7. Comprender o sentido xeral e a información específica sinxela de programas de televisión, tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén cun apoio de imaxes moi redundantes.	PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.	CCL CAA CSC CCEC CD
Bloque 2. Producción de textos orais				
a c d i	B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. Execución: Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa	B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos. B2. 2. Manexar frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse	PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi	CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC

	<p>idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta dela) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</p> <p>Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p> <p>B2.4. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p>	<p>de xeito suficiente e comprensible en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a comunicación en situacións menos comúns.</p> <p>B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación da persoa interlocutora.</p> <p>B2.4. Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din.</p> <p>B2.5. Participar en conversas básicas sobre temas predicibles e con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, reaccionar perante invitacións e propostas), e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p>B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.</p>	<p>sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p> <p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p>PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p> <p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <p>PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>
--	---	---	---	---

Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d e i	B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e tema. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo), adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.	B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñece, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. B3.2. Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá. B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas relativas aos seus intereses nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar. B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.	PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional. PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe. PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en	CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD CCL

			lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves eben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.	CAA CSC CCEC
Bloque 4. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a c d i	B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). Execución: Elaboración dun borrador. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). Reescritura definitiva. B4.2. Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.	B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. B4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto). B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes). B4.4. Escribir, en soporte impreso ou nas redes sociais, textos sinxelos e breves (notas, cartas persoais, postais, felicitacións, etc.), que conteñan información persoal ou relativa á vida cotiá, de primeira necesidade ou do seu interese, a partir de modelos previos, usando as fórmulas básicas de saúdo e despedida propias do soporte utilizado, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións ben estruturadas e cunha orde lóxica. B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e	PLEB4.1. Escribete correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos. PLEB4.2. Escribete informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática. PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo). PLEB4.4. Escribete notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, <i>chats</i> , etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. PLEB4.5. Escribete notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía. PLEB4.6. Escribete correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos	CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC CD CCL CAA CSC CCEC

		dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.	sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	
			PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	21. C CAA CSC CCEC CD
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a c d i o	B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos básicos. Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.	B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.	CCL CAA CSC CCEC
	B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.	B5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.	PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.	CCL CAA CSC CCEC
	B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais e normas de cortesía dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira.	B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.	PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.	CCL CAA CSC CCEC
	Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.	B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida	PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	CCL CAA CSC CCEC
	Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.		PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para	CCL CAA

<p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Recoñecemento da realidade multilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre,</p>	<p>propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos</p> <p>B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).</p> <p>B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiáns, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.</p> <p>B5.9. Reformular o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo na propia lingua, explicándoo a un</p>	<p>realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.</p> <p>PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.</p> <p>PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).</p> <p>PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
--	---	---	--

	<p>lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</p> <p>Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.</p> <p>B5.8. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>	<p>interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.</p> <p>B5.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	--	--	--	--

28. ESA 4

28.1. CONTIDOS

- Situacións de comunicación xeradas pola utilización na clase de textos procedentes de distintas fontes (medios de comunicación, textos de carácter divulgativo, científico, etc.).
- Funcións da vida cotiá: expresar sentimentos, emocións e sensacións, expresar hipóteses, obriga, finalidade. Vocabulario relativo ao mundo do traballo, ao consumo e calidade de vida, á ecoloxía e medio ambiente, ás novas tecnoloxías, ao ocio, ás viaxes etc.
- Aspectos da cultura da lingua estranxeira en contraste cos da propia.
- Presenza da lingua estranxeira no ámbito local: turismo, medios de comunicación, etc.

28.1.1. CONTIDOS PROCEDIMENTALES

- Comprensión global de mensaxes orais procedentes de diversas fontes, distinguindo entre a expresión de datos e a de opinións, e identificando a intencionalidade do falante.
- Producción de mensaxes orais comprensibles e cunha organización coherente das ideas expresadas.
- Participación activa en interaccións comunicativas para expresar estados de ánimo, xustificar as propias opinións, comparar realidades diferentes, etc., utilizando todo tipo de estratexias.
- Comprensión global de textos escritos relacionados coa experiencia e a bagaxe cultural do alumnado adulto.
- Comprensión global e extracción de información específica de textos escritos seleccionados dos medios de comunicación.
- Producción de textos escritos sinxelos e comprensibles cunha estrutura lóxica axeitada, atendendo a diferentes necesidades e intencións comunicativas.

28.1.2. CONTIDOS ACTITUDINALES

- Actitude positiva cara ás actividades da clase máis idóneas para desenvolver ao máximo a competencia comunicativa.
- Valoración do esforzo persoal e do traballo en equipo como medio para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Interese pola lectura autónoma de textos na lingua estranxeira como fonte de información.

28.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Terá sempre unha intención de axuda ao alumno a superarse a si mesmo e a autoevaluarse. O profesor valorará principalmente a actitude diaria positiva e non terá en conta aqueles erros gramaticais que non se consideren básicos para a comunicación oral ou escrita.

- Extraer a información global e específica de mensaxes orais emitidos en situación de comunicación, sobre temas cotiáns relacionados coa vida das persoas adultas.
- Extraer a idea principal e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos por medios de reprodución mecánica sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
- Participar en conversacións breves utilizando as estratexias axeitadas para iniciar, manter e facer progresar a comunicación, producindo un discurso comprensible.
- Extraer a información global e específica de textos escritos auténticos, sinxelos e de extensión limitada.
- Ler de maneira autónoma, utilizando correctamente o dicionario textos sinxelos de diferente tipo.
- Redactar textos sinxelos, a partir de estruturas coñecidas.
- Identificar os trazos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

28.3. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS. UNIDADES.

Avaliación	Unidades
Primeira	STARTER UNIT, UNIT ONE, TWO AND THREE
Segunda	FOUR, FIVE AND SIX
Terceira	SEVEN, EIGHT AND NINE

28.4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c d i	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiáns ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.</p> <p>B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia,</p>	<p>PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
			<p>PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
			<p>PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>
			<p>PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>

		<p>sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.</p> <p>B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relacionen experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.</p>	<p>gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).</p>	
			<p>PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</p>	<p>CCL CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Execución:</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou reformulación dun termo ou expresión.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalación de obxectos, uso de déicticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p>	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.</p> <p>B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles.</p> <p>B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.</p> <p>B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou</p>	<p>PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.</p> <p>PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñen na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de óntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p> <p>PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p> <p>PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás ou menos habituais, nas que</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

	<p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica, etc.).</p> <p>Uso de sons cuasilingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</p>	<p>indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.</p> <p>B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.</p>	<p>intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p>	
			<p>PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d e i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de</p>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.).</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte</p>	<p>PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
	<p>PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>		

	novos elementos.	<p>dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.</p> <p>B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.</p> <p>B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.</p> <p>B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.</p>	credibilidade do material.	
			PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).	CCL CAA CSC CCEC CD
			PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).	CCL CAA CSC CCEC CD

			<p>PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado dos recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). Execución: Elaboración dun borrador. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Reescritura definitiva. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).</p>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva). B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese. B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao</p>	<p>PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>
			<p>PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

		<p>tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.</p> <p>B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p> <p>B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</p>	
			<p>PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).</p>	<p>CCL CAA CSC CD</p>
			<p>PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>
			<p>PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>	<p>CCL CAA</p>
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos básicos.</p> <p>Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <p>B5. 2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5. 3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía e rexistros;</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo,</p>	<p>PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

<p>costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal.</p> <p>Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.) e a costumes, valores, crenzas e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a cultura dos países falantes da lingua estranxeira.</p> <p>Identificación das similitudes e as diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. Expresión da vontade, a</p>	<p>abreviacións ou outros en chats).</p> <p>B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).</p> <p>B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada</p> <p>B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns,</p>	<p>ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.</p>	
		<p>PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

	<p>intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación.</p> <p>B5.8. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>	<p>así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturação da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).</p> <p>B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	---	--	--	--